



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 6 de xuño de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día seis de xuño de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a Secretaria Admón Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(488).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de maio de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(489).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AMIGOS DOS MAIORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AFECTIVO A PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2019-2021. EXPTE. 181513/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/04/19, e o informe de fiscalización do 29/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. INFORME**

I.1. A Fundación «Amigos dos Maiores» é unha organización sen ánimo de lucro que ten como fins principais contribuír ó benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padecen unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén a promoción e formación do voluntariado.

I.2. Na nosa cidade, conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se sinten soas e traballa de xeito coordinado co Concello de Vigo a través dos “Coidadores de Barrio”, cos Centros de Saúde de Vigo e coas Residencias da Terceira Idade do Meixoeiro, Vigo I e Vigo II, desde onde se realizan derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou aillamento social.

I.3. O obxectivo xeral do Convenio que se pretende formalizar agora entre a Concellería de Política Social e a Fundación «Amigos dos Maiores» é o desenvolvemento dun programa de acompañamento afectivo e relacional para as persoas maiores en Vigo nos anos 2019-2021, para contribuír ó benestar daquelas que estean en situación de aillamento e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

I.4. Como obxectivos específicos establécense:

- a) Ofrecer apoio afectivo ás persoas maiores que sofren de soidade mediante o acompañamento domiciliario dun voluntario unha vez á semana.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado e colectivo en residencias a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- c) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.



## Concello de Vigo

I.5. O Programa inclúe diversas actividades de acompañamento a domicilio e en residencias e de lecer inclusivo (saídas, encontros, excursións adaptadas, participación en festas tradicionais, etc.).

I.6. A Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do Programa de “Avellentamento activo”, etc.

I.7. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.8. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

I.9. No exercicio de 2019, o gasto (20.000€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – *Convenio Asociación Maiores de Vigo*. As anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2020 e 2021.

I.10. A concesión da subvención articúlase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.11. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do

Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Fundación «Amigos dos Maiores» (CIF G-83625509), por importe total de 60.000€, a razón de 20.000€/ano (2019-2021), con cargo no exercicio de 2019 á aplicación nº 2310.480.00.07 -*Convenio Asociación Maiores de Vigo*– do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN AMIGOS DOS MAIORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AFECTIVO A PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2019-2021» elaborado polo Departamento de Benestar Social do Concello.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN AMIGOS DOS MAIORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AFECTIVO A PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2019-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2019

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. Mercedes Villegas Beguiristain, con DNI nº 05661888-R, Directora da Fundación «Amigos dos Maiores», CIF nº G-83625509, con domicilio na rúa Embajadores nº 206, duplicado, 1º – Porta C, CP 28045 de Madrid e enderezo para os efectos de notificación na rúa Ferrería nº 33, baixo, CP 36202 de Vigo.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D<sup>a</sup>. Mercedes Villegas Beguiristain, actuando en representación da Fundación «Amigos dos Maiores», segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a Fundación «Amigos dos Maiores» é unha organización sen ánimo de lucro de nacionalidade española con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins que ten como fins principais contribuír ó benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padezan unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén a promoción e formación do voluntariado.

A Fundación «Amigos de los Mayores» naceu en 2003 en Madrid, inspirada na organización internacional “Les petits frères des Pauvres” que xurde en París, en 1946, a finais da II Guerra Mundial. Co tempo, estendeuse a outros países como Marrocos, Estados Unidos, Canadá, Irlanda, México, España, Alemaña, Polonia, Suíza e Rumanía.

«Amigos dos Maiores» nace en Vigo en 2016 como continuación do traballo realizado pola Fundación na Comunidade de Madrid.

Na nosa cidade, conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se sinten soas e traballa de xeito coordinado co Concello de Vigo a través dos “Coidadores de Barrio”, cos Centros de Saúde de Vigo e coas Residencias da Terceira Idade do Meixoeiro, Vigo I e Vigo II, desde onde se realizan derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou aillamento social.

Foi inscrita no “Registro de Fundaciones de la Comunidad de Madrid”, ó tomo LVII, folio 1-44, folla persoal 348, con data 17.06.2003.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do Programa de “Avellentamento activo”, etc.

III.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara



## Concello de Vigo

que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Fundación «Amigos dos Maiores» para o desenvolvemento dun programa de acompañamento afectivo e relacional para as persoas maiores nos anos 2019, 2020 e 2021.

SEGUNDA.- O obxectivo xeral deste programa é o de contribuir ó benestar das persoas maiores en Vigo, preferentemente daquelas que estean en situación de aillamento e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Ofrecer apoio afectivo ás persoas maiores que sofren de soidade mediante o acompañamento domiciliario dun voluntario unha vez á semana.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado e colectivo en residencias a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- c) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

O Programa inclúe as seguintes actividades:

- Acompañamento a domicilio: consiste nunha visita semanal dun/unha voluntario/a a unha persona maior que vive e/ou se sente soa.
- Acompañamento en residencias: o obxectivo é aliviar a soidade e as situacións de aillamento social das persoas maiores que viven en centros residenciais e que, por diferentes motivos, teñen un contacto limitado co exterior e/ou coa súa rede social ou familiar.
- Lecer inclusivo: as persoas maiores gozarán de oportunidades de relación e entretemento a través da asistencia a actividades regulares como saídas, encontros ou excursións adaptadas dun día, así como a participación en grandes actos de celebración de festas tradicionais.
  - Encontros no barrio: é unha actividade organizada por zonas na que un grupo de maiores, acompañados/as polos seus voluntarios/as, reúnenese para compartir unhas horas en grupo nalgún lugar próximo ó seu domicilio.
  - Saídas culturais e obradoiros: saídas ou obradoiros dun día, que contribúen á socialización e a proporcionar tempo de lecer e diversión para as persoas maiores e os voluntarios/as que lles acompañan.
  - Actos/festas tradicionais: dúas veces ó ano invítase a todas as persoas maiores e voluntarios/as da organización a participar en eventos onde poidan compartir experiencias e vivencias nun contorno lúdico e festivo e fortalecer as relacións entre eles. Trátase de festas interxeneracionais nas que se celebra a chegada do verán e o Nadal.





## Concello de Vigo

TERCEIRA.- A Fundación «Amigos dos Maiores» comprométese tamén a:

- Someterse á normativa vixente en cada momento na materias propias da súa actividade e que afecten tanto ás persoas maiores beneficiarias do Programa como ó seu persoal, contratado ou voluntario, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- Ofrecer o Programa de acompañamento afectivo ás persoas maiores derivadas polos servizos sociais municipais, de acordo cos protocolos de derivación aplicables.
- Manter unha axeitada coordinación coas traballadoras sociais de Benestar social e coa responsable técnica municipal do Programa.
- Cumprir os demais compromisos contidos no proxecto presentado pola Fundación, que consta no Exp. nº 181511/301.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Fundación «Amigos dos Maiores» unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 20.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 60.000€. O gasto de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – *Convenio Asociación Maiores de Vigo*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a cesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.



## Concello de Vigo

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous/dúas representantes da Fundación «Amigos dos Maiores» e dous/dúas técnicos/as municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo ( <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.



## Concello de Vigo

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

### **3(490).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, DENEGACIÓN, EXTINCIÓN E RENUNCIA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA NO PERÍODO 01.01.2019 – 31.03.2019. EXPTE. 153041/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data 31/05/19, asinado pola diplomada en Traballo Social, a xefa de Benestar Social, e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2018, aprobou a adxudicación do Servizo de Teleasistencia domiciliar municipal á entidade "EULEN, servicios sociosanitarios, S.A." (Exp. nº 148133/301).

As solicitudes de acceso foron resoltas pola Concelleira delegada de Política Social en uso das atribucións específicas conferidas e de acordo co disposto no «Regulamento do Servizo municipal de Teleasistencia domiciliar do Concello de Vigo», aprobado en sesión plenaria do 31.03.2014 (BOP nº 148, do 04.08.2014).

En cumprimento do disposto no Pto. 8 do Apdo. 3º, IV, da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo, dáse conta á Xunta de Goberno Local da relación de



## Concello de Vigo

resolucións de concesión, denegación, extinción e renuncia do servizo adoptadas pola Concelleira delegada de Política Social no período 01.01.2019 – 31.03.2019:

| EXP. Nº     | DNI USUARIO/A | DATA RESOLUCIÓN | RESOLUCIÓN |
|-------------|---------------|-----------------|------------|
| 178915 /301 | 35948843G     | 25/01/19        | Concedida  |
| 156426 /301 | 35794363S     | 04/02/19        | Concedida  |
| 179649 /301 | 35608925A     | 04/02/19        | Concedida  |
| 175530 /301 | 34485631Y     | 04/02/19        | Concedida  |
|             |               |                 |            |
| 179676 /301 | 31814368D     | 31/01/19        | Denegada   |
| 180436 /301 | 36070760K     | 05/02/19        | Denegada   |
| 180263 /301 | 35925014A     | 15/03/19        | Denegada   |
| 179821 /301 | 35878427Z     | 15/03/19        | Denegada   |
| 181028 /301 | 35822236N     | 15/03/19        | Denegada   |
| 181532 /301 | 35909846S     | 21/03/19        | Denegada   |
|             |               |                 |            |
| 148818 /301 | 35916360C     | 15/03/19        | Extinción  |
| 129643 /301 | 35979691D     | 15/03/19        | Extinción  |

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **4(491).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DUN SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO. EXPTE.16138/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 03/06/19, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de xuño de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica (proposta de declaración de deserto)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirroubo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirroubo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 16 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, de servizos dun sistema de alarma antirroubo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 16 de maio de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 31 de maio.

**Terceiro.-** Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 3 de xuño de 2019:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 16-05-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Prestación de servizo de vixilancia mediante sistema de alarma antirroubo conectada coa central receptora e de videovixilancia, incluíndo a súa instalación e mantemento nos inmobles xestionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. EXPTE. 16138-77” que rematou o día 31 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha proposta”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.





## Concello de Vigo

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 3 de xuño de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.138-77) por non terse presentado ningunha proposición”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(492).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO OS LOTES 1 E 2 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE.18183/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 29/05/19, que di o seguinte:

4.- Apertura económica (proposta declaración desertos lotes 1 e 2)

a) Procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

## ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea o 19 de abril de 2019 e no perfil de contratante o 22 de abril, rematando o prazo de presentación de ofertas o 20 de maio.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 22 de maio de 2018:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 22-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Adquisición dos materiais necesarios para realizar obras de mantemento e conservación nas instalacións deportivas municipais que determine o Servizo de deportes. EXPTE. 18183-333” que rematou o día 20 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:*

1. FERRETERIA VALFER
2. COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNANDEZ, S.L.
3. MORGASA,S.L
4. Gallega de Proyetos y Servicios S.L
5. ORVILUX
6. MARESA ELECTRICIDAD S.L.U.
7. ALMACENES CELSO MIGUEZ”

Cuarto.- Na sesión do 22 de maio de 2019 a Mesa adoptou o seguinte acordo:

- a) *“Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

1. FERRETERÍA VALFER, S.L.
2. GALLEGA DE PROYETOS Y SERVICIOS, S.L.
3. MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U.
4. ALMACENES CELSO MÍGUEZ, S.A.

- b) *Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:*

1. COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. *(deberá achegar o DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente). Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, infórmase que respondendo afirmativamente a “Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación*



## Concello de Vigo

*global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta” enténdese que posúe a solvencia técnica e económica esixida no PCAP.*

2. *MORGASA, S.L. (deberá achegar o anexo VI “Grupo de empresas” esixido na cláusula 14.2A do PCAP asinado dixitalmente )*
3. *ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L. (deberá achegar o anexo VI “Grupo de empresas” esixido na cláusula 14.2A do PCAP e indicar o/s lote/s ao/s que se presenta. A documentación deberá asinarse dixitalmente)”*

Quinto.- Transcorrido o prazo para a emenda da documentación persoal, a Mesa de Contratación, na sesión do 29 de maio, adoptou o seguinte acordo:

- *“Admitir neste procedemento aos licitadores que se relacionan a continuación por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*
  1. *COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L.*
  2. *MORGASA, S.L.*
  3. *ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.”*

Constátase nesta sesión que ningún dos licitadores concorre ao lote 2 “Materiais para a construción”.

Sexto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 29 de maio de 2019, procedeu en acto público á apertura das proposicións avaliáveis a través de fórmula.

O único licitador presentado ao lote 1 “Materiais para fontanería e saneamento” é COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. e a súa proposición apártase substancialmente do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP) posto que formula unha porcentaxe de desconto para cada precio unitario en lugar dunha única porcentaxe de baixa como indicaba o apartado 6B do Anexo I do PCAP.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado e admitido ao lote 1 “Materiais para fontanería e saneamento” é COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. e a súa proposición avaliável a través de fórmula apártase substancialmente do modelo establecido (motivo de

exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP) cómpre declarar deserto este lote.

Así mesmo, dado que non se presentou ningunha proposición ao lote 2 “Materiais para a construción”, tal e como resulta da documentación presentada nos sobres A e B, tamén cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar desertos os lotes 1 “Materiais para fontanería e saneamento” e 2 “Materiais para a construción” do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333), no primeiro caso, porque a proposición avaliable a través de fórmula formulada polo único licitador presentado e admitido se aparta substancialmente do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP) e, no segundo caso, porque non se presentou proposición ningunha.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(493).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DOS LOTES 3, 4 E 5 PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR EN INSTALACIÓN DEPORTIVAS. EXPTE.18183/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 29/05/19, que di o seguinte:

#### **4.- Apertura económica (proposta de clasificación lotes 3, 4 e 5)**

a) Procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar coñecemento do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 29 de maio de 2019 polo que se exclúe a COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. do lote 1 “Materiais para fontanería e saneamento” por apartarse



## Concello de Vigo

substancialmente a súa proposición do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas nos lotes 3, 4 e 5 deste procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) na seguinte orde descendente:

Lote 3: “materiais de ferretería”

|   | <b>Licitador</b>        | <b>Baixa proporcional para os prezos unitarios especificados no anexo do PPT</b> |
|---|-------------------------|--|
| 1 | FERRETERÍA VALFER, S.L. | 47%  |

Lote 4: “material para instalacións eléctricas”

|   | <b>Licitador</b>            | <b>Baixa proporcional para os prezos unitarios especificados no anexo do PPT</b> |
|---|-----------------------------|--|
| 1 | MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U. | 30%  |
| 2 | ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.  | 25%  |

Lote 5: “material pintado”

|   | <b>Licitador</b>                       | <b>Baixa proporcional para os prezos unitarios especificados no anexo do PPT</b> |
|---|--|--|
| 1 | MORGASA, S.L.                          | 60%  |
| 2 | ALMACENES CELSO MÍGUEZ, S.A.           | 31,25%   |
| 3 | GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L. | 15%  |

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, FERRETERÍA VALFER, S.L. (lote 3), MARESA ELECTRICIDAD, S.L.U. (lote 4) e MORGASA, S.L. (lote 5), para que

presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(494).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8348/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, de data 3/06/19, que di o seguinte:

#### 9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de marzo de 2019, por non cumprir os requisitos de presentación da documentación previstos na lexislación contractual e no prego de cláusulas administrativas particulares ao ter desvelado a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre A “DOCUMENTACIÓN PERSOAL”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) na seguinte orde descendente:



## Concello de Vigo

| Orde | Licitador     | Puntuación total |
|------|---------------|------------------|
| 1    | CLECE, S.A.   | 95,12            |
| 2    | E7 2014, S.L. | 48,72            |

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **8(495).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE.18041/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/05/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 29/05/19, que di o seguinte:

#### 10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333) na seguinte orde descendente:*

|   | <b>Licitador</b>  | <b>Puntuación total</b> |
|---|-------------------|-------------------------|
| 1 | TEAM RELAY, S.L.  | 100                     |
| 2 | SOLIMUSIC, S.L.U. | 79                      |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

1. *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
2. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
3. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.*
4. *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, S.L., o día 8 de maio de 2019, que presenta a documentación requirida 20 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de maio de 2019 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de 3 días a TEAM RELAY, S.L.





## Concello de Vigo

para que puidese completar a solvencia técnica acreditada de conformidade co previsto na cláusula 8.5.3º do PCAP.

Dentro do prazo concedido, o 27 de maio de 2019, o licitador presentou documentación acreditativa da súa solvencia técnica.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TEAM RELAY, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por TEAM RELAY, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e a través de fórmula de datas 8 e 30 de abril de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TEAM RELAY, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos*

deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo" (18.041-333) coas seguintes condicións:

- O prezo total é de 33.563,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.825,07 euros, e cunha porcentaxe de desconto único do 15% a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3.G das FEC do PCAP con excepción do previsto no nº 1 da táboa (custos salariais).
- Incrementa a experiencia mínima do responsable de coordinación en 11 anos (13 anos en total).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(496).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 16486/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/05/19, asinado pola técnica de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Emprego , que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. No DOG. núm. 88, do 09 de maio, publicouse a Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código do procedemento TR353A).

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "Formaweb I e II", Obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA" I, II, III, IV e V" ) un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI", propoñendo as especialidades de **Operacións Básicas de**



## Concello de Vigo

**Cociña e Operacións Básicas de Restaurante-Bar**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 14/05/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 17 de abril de 2019.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e o Restaurante-Bar levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto **“Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”** e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrência a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Operacións Básicas de Cociña” e os outros 10 na especialidade de “Operacións Básicas de Restaurante-Bar”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre os/as alumnos/as o coñecemento da seguridade e hixiene e protección ambiental no sector da hostalería.

2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade.

A duración do “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI” está establecida en 9 meses e a data prevista de inicio é o 30 de setembro do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Operacións Básicas de Cociña e Operacións Básicas de Restaurante-Bar, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra” e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, por importe de 324.896,00 €, contemplada no proxecto de Obradoiro VIGO CAPACITA VI, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “*ORDE do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019*”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 20.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2019 e 2020 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2019, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:



## Concello de Vigo

| <u>Partida</u>                                     | <u>2019</u> | <u>2020</u> |
|--|-------------|-------------|
| 2410 2100000 Subministros materiais de construción | 6.667,00 €  | 13.334,00€  |

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 88, do 09 de maio.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA VI”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(497).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE ESCRITO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) DE DESESTIMIENTO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA. EXPTE. 16379/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 03/06/19, asinado pola técnica de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta partida nominativa 2410.4700003 "Convenio Feira Conxemar", por importe de 100.000,00 €.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

II. Polo exposto, mediante notificación con Rexistro de Saída nº 9865 do 25-03-2019 e, co obxecto de proceder á tramitación do convenio de subvención nominativa prevista nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, requiriuse á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) (G36636819), a achega á maior brevidade da documentación necesaria para tramitar o procedemento, advertindo que de non achegar a devandita documentación no prazo outorgado, teríasele por desistido de acordo co disposto no art. 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos do previsto no artigo 21 da citada Lei.



## Concello de Vigo

III. Con data 26/03/2019, a ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) (G36636819) achega escrito a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (CÓD. DE SOLICITUDE: W333414-2244), comunicando que o pasado 16/02/2019 a Xunta Directiva de CONXEMAR decidiu por unanimidade deixar de recibir subvencións para a feira, motivo polo cal non poden asinar o convenio. Agradecen o interese do Concello polas axudas prestadas en edicións anteriores a CONXEMAR e as atencións e cordialidade que manteñen con dita asociación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, podendo facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

A administración aceptará de plano o desistimiento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, coas salvidades previstas nos apartados 4 e 5, podendo limitar os efectos do desistimiento ou a renuncia ao interesado e seguir co procedemento.

II. Dacordo co establecido nos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado en funcións.

De conformidade co anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aceptar o escrito achegado en data 26/03/2019 (CÓD. DE SOLICITUDE: W333414-2244), pola ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) (G36636819), manifestando que desisten da tramitación do convenio para outorgar a subvención nominativa prevista nos vixentes orzamentos municipais, por ter decidido por unanimidade da súa Xunta Directiva na reunión mantida o pasado 16/02/2019 deixar de recibir subvencións para a feira; motivo polo cal non poden asinar o convenio.

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á entidade interesada, á Intervención Xeral Municipal e á Dirección Xeral Orzamentaria, aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(498).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO, CORRECTIVO E REGULAMENTARIO DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS ESCOLAS INFANTÍS E OUTROS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 22985/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/05/19 e o informe de fiscalización do 27/05/19, dáse conta do informe-proposta do 14/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 12 de abril de 2019, a Concelleira de Educación resolveu "autorizar a tramitación dun contrato maior de mantemento de ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 20 de decembro de 2018.
- Resolución da Concelleira de Educación de 12 de abril de 2019 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 24 de abril de 2019, redactado pola Enxeñeira Industrial da Área de Fomento.
- Memoria xustificativa de data 9 de maio de 2019.
- Informe da data 10 de maio de 2019 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 10 de maio de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:





## Concello de Vigo

- Obxecto: O Obxecto do presente contrato é o mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación, de acordo cos requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas.
  
- Duración: Dous anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración.
  
- Prezo: O prezo do contrato é de 73.180,80 € (60.480,00 €, máis 12.700,80 € de IVE a soportar pola administración).
  
- Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.00 - Inspección seguridade ascensores.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

- 1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos ascensores dos colexios públicos escolas infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.
  
- 2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de 24/04/2019 redactado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento do Concello de Vigo e o prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 10/05/19 redactado pola xefa do Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do mantemento dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.
  
- 3º.- Aprobar o gasto por importe de 73.180,80 € (12.196,80 € na anualidade de 2019; 36.590,40 € na anualidade 2020 e 24.393,60 € para a anualidade de 2021) para a contratación do mantemento dos ascensores dos colexios públicos municipais, escolas infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á partida 3230.227.99.00 - Inspección seguridade de ascensores.

O valor estimado do contrato estipulase en 96.768,00 €.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(499).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO TÚNELES PASOS INFERIORES GALERÍAS DE SERVIZOS INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS. EXPTE. 15857/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5/06/19 e o informe de fiscalización do 28/05/19, dáse conta do informe-proposta do 21/05/19, asinado polo xefe da Área de Investimentos ,o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.1.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión ordinaria do 20 de novembro de 2015, o expediente de **CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, (EXPEDIENTE 15857/444)**, o prego de prescricións técnicas particulares, o prego de prescricións administrativas particulares que rexen a licitación así como autorización do gasto, en base ao informe de necesidade e idoneidade asinado pola xefa dos servizos e polo Enxeñeiro Xefe de limpeza do 25 de setembro de 2015.

O obxecto do contrato é o mantemento integral dos equipos e instalacións electromecánicas de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías eólicas, solares fotovoltaicas e fontes ornamentais existentes na cidade, co obxecto de lograr o correcto funcionamento das mesmas, melloralas e adaptalas a regulamentación vixente.

O contrato, de natureza administrativa, se calificou como un contrato mixto de servizos e subministro dos regulados no artigo 12 do TRLCSP, comprendendo prestacións propias do contrato típico de servizos (artigo 10 TRLCSP) e do contrato de subministro (artigo 9 TRLCSP), sendo a prestación que máis importancia ten dende o punto de vista económico a de servizos (88,87% do prezo do contrato), polo que na súa adxudicación se rexe polas



## Concello de Vigo

normas do contrato de servizos por ser as prestacións de maior importancia desde o punto de vista económico.

1.2.- En data 24 de novembro de 2015 publicase o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo e demais diarios oficiais preceptivos, *procedéndose á apertura do prazo de presentación de ofertas que finalizaba o 9 de xaneiro.*

1.3.- Adxudicación.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de abril de 2016, acordou a adxudicación á UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, do procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de alumeadado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, expdte.15857/444, por un prezo total de adxudicación de 9.119.168,03 euros (IVE incluído) e catro anos.

1.4.- Formalización do contrato.- Con data 26 de xullo de 2016 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU.

1.5.- Modificación do responsable do contrato: A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 7 de setembro de 2017, aprobou "a modificación do contrato para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe dos Servizos Enerxéticos polo xefe da Área de Investimentos. Con posterioridade, en data 2 de outubro de 2017 foi formalizado contrato modificando o apartado 1.C do Anexo I das FEC e procedéndose á modificación do responsable do contrato e notificándose ao contratista.

1.6.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2017, entre outros asuntos acordou que: "*Revisión do prezo do período 1 de xaneiro a 31 de decembro 2018. Correspondendo para o ano 2018 un importe anual de **2.319.060,19 € (IVE incluído)**, correspondendo a facturación mensual de 193,255,02 € (IVE incluído).*"

## **II.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:**

2.1.- O apartado 3 da cláusula 1 do PCAP, entre outras competencias lle asigna ao Responsable do Contrato; "*Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.*"

2.2.- A cláusula 31 do PCAP establece que:

1.- *Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a*

*fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ao responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.*

*2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

*3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.*

O apartado 3.j) das FEC establece que

*Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.*

*Se aplicará o seguinte sistema de revisión:*

- So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán.*
- Os prezos se revisarán sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo provincial del metal.*
- A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación ata o limite do 80% da porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato, conforme o presuposto desglosado do mesmo presentado polo contratista no sobre B da súa oferta.*
- O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.*
- A revisión de prezos se efectuará nos termos e prazos previstos no capítulo II do Título III do Libro Primeiro do TRLCSP.*

### **III.- SOLICITUDE DE REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO POR UTE LUZE VIGO**

3.1.- En data 21 de marzo de 2019 a adxudicataria UTE LUZE VIGO (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, presentou no Rexistro do Concello de Vigo, solicitude de revisión ordinaria de prezos de conformidade coa cláusula 3.j) das FEC, en base á modificación do convenio provincial do metal das industrias sen convenio propio.

Con data 11 de marzo de 2019, publícanse no BOPPO a "táboa salarial 2019 do sector de industrias do metal sen convenio propio". e ditas táboas **recollen un incremento salarial do 1,25 %**, respecto as táboas salariais do ano 2018 (BOPPO nº 59 23/03/2018)



## Concello de Vigo

3.2.-Á vista da solicitude procede a revisión do prezo do contrato de acordo cos antecedentes e os seguintes cálculos:

a.- O incremento salarial de aplicación de acordo coas táboas salariais aprobadas para o ano 2019 e dun 1,25 %.

b.- A cláusula 3.j) das FEC establece que "A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación ata o límite do 80% da porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato, conforme o presuposto desglosado do mesmo presentado polo contratista no sobre B da súa oferta."

c.- De acordo coa oferta presentada pola UTE LUZE VIGO (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, o porcentaxe do orzamento que se corresponde cos gastos de persoal foi determinado na táboa presentada dentro do apartado nº 4 "Presuposto do servizo", na cal se indican en porcentaxes todas as partidas de gasto, **correspondéndolle ao persoal un 65,98 % do total do importe da oferta.**

En consecuencia a revisión do prezo de acordo con esta solicitude terá efectos dende o 1 de xaneiro do 2019 de acordo cos seguintes datos:

### Revisión do prezo do período 1 de xaneiro de 2019.

|   |                     |
|---|---------------------|
| ➤ Prezo total de licitación con IVE           | 10.603.683,75 euros |
| ➤ Prezo total de adxudicación con IVE         | 9.119.168,03 euros. |
| ➤ Prezo anual do contrato con IVE             | 2.279.792,01 euros  |
| ➤ Prezo anual con IVE da revisión 2017        | 2.303.859,32 euros. |
| ➤ Prezo anual con IVE da revisión do ano 2018 | 2.319.060,19 euros. |

### *Cálculos para a revisión do prezo do ano 2019:*

|                            |                |
|----------------------------|----------------|
| Importe anual actual       | 2.319.060,19 € |
| Importe sen IVE            | 1.916.578,67 € |
| Gastos de persoal 65,98%   | 1.264.558,61 € |
| 80% dos gastos de persoal  | 1.011.646,89 € |
| 1,25 % de revisión         | 12.645,59 €    |
| Novo importe anual sen IVE | 1.929.224,26 € |

|   |                       |
|---|-----------------------|
| <b>Novo importe anual con IVE</b>                 | <b>2.334.361,35 €</b> |
| Novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2019 | 194.530,11 €          |

#### **IV.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS**

O artigo 94 do TRLCSP establece que “O importe das revisións que procedan se fará efectivo, de oficio, mediante o abono ou o desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando podan incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

A cláusula 31 do Prego de Prescricións Administrativas Particulares establece que *o importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

#### **VII.- PROPOSTA.-**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexerese pola normativa anterior.

O presente contrato regulase polo establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión no orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de xaneiro de 2019 a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da aplicación dos criterios de revisión lle



## Concello de Vigo

corresponden un novo prezo anual de 2.334.361,35 € (IVE incluídos) de acordo os seguintes cálculos:

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Importe anual actual                              | 2.319.060,19 €        |
| Importe sen IVE                                   | 1.916.578,67 €        |
| Gastos de persoal 65,98%                          | 1.264.558,61 €        |
| 80% dos gastos de persoal                         | 1.011.646,89 €        |
| 1,25 % de revisión                                | 12.645,59 €           |
| Novo importe anual sen IVE                        | 1.929.224,26 €        |
| <b>Novo importe anual con IVE</b>                 | <b>2.334.361,35 €</b> |
| Novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2019 | 194.530,11 €          |

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria e 1650.227.99.03, e a bolsa de vinculación a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

**Segundo.-** O presente acordo comunicárase ao Servizo de Contratación, á Intervención Xeral e ao contratista aos efectos oportunos, con ofrecemento a este último dos recursos previstos na vixente lexislación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(500).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2018, FASE 3ª. EXPTE. 13971/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 03/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación.

3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10/03/2008, aprobou o mapa estratéxico de ruído de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo, expte. 5381/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído de Vigo, expte. 9387/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/09/2018, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3, expte. 13339/306.

4.- A Xunta de Goberno Local en data do 23/11/2009, tomou coñecemento do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e someteuno a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

A Xunta de Goberno Local en data do 14/11/2014, aprobou definitivamente a revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, expte. 10365/306.

5.- De acordo coa disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, os referidos documentos foron remitidos, no seu día, á Xunta de Galicia para o seu traslado á Administración Xeral do Estado.

6.- O Concello de Vigo, no ano 2018, encargou os traballos de revisión do plan de acción do ruído no Concello de Vigo á "Universidade de Vigo: Sonitum" e a entidade "Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L.", en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.





## Concello de Vigo

As devanditas entidades presentaron o traballo en decembro de 2018.

7.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente en data do 18 de xaneiro de 2019, ditou orde de inicio do procedemento administrativo para a aprobación do “Documento de Revisión do Plan de Acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3,” redactado pola “Universidade de Vigo: Sonitum” e a entidade “Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L.” con data de novembro de 2018, por encargo da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

8.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 21/02/2019, aprobou inicialmente o referido “Documento de Revisión do Plan de Acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3”, e acordou sometelo ó trámite de información pública polo prazo dun mes.

9.- O documento someteuse ó trámite de información pública dun mes mediante a inserción de anuncio no BOP de PONTEVEDRA, núm. 72 do, venres, 12 de abril de 2019. A documentación estivo a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente sito na planta segunda da Casa do Concello de Vigo e, tamén, na web municipal no enderezo: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental) e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

10. Durante o trámite de información pública -13 de abril a 13 de maio de 2019, ámbolos dous días incluídos- non se presentaron alegacións e así consta na certificación expedida pola Secretaría do Goberno Local en data do 29/05/2019.

## II- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (L PACAP).
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD.1367/2007, do 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

### **III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO**

1.- A documentación entregada definitivamente da revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo consiste nun documento no que se tratan sete apartados, co diversos subapartados:

*1- Introducción (Obxectivo do Documento).*

*2.- Descrición do Concello.*

*2.1. Aglomeracións.*

*2.2. Principais Eixos Viarios.*

*2.3. Principais Eixos Ferroviarios.*

*2.4.- Principais Aeroportos.*

*2.5.- Actividade industrial.*

*2.6.- Zonas de Ocio.*

*3.- Autoridade responsable.*

*4.- Contexto xurídico .*

*4.1. Lexislación Europea.*

*4.2. Lexislación Nacional.*

*4.3. Lexislación Autonómica.*

*4.4. Lexislación Local*

*5.- Resultados do M.E.R. (3ª fase) .*

*5.1. Indicadores acústicos*

*5.2. Resultados de superficie exposta*

*5.3. Resultados de poboación exposta*

*5.4. Alegacións*

*5.5. Problemas e contornas de especial consideración*

*5.5.1.Eixos viarios principais*

*5.5.2.Outras contornas*



## Concello de Vigo

### 6.- Programas de acción

#### 6.1. Programas executados e en proceso

##### 6.1.1. Zonas acusticamente saturadas (zas)

##### 6.1.2. Zonificación acústica

##### 6.1.3. Melloras en infraestruturas e habitabilidade

##### 6.1.4. Outras actuacións

##### 6.1.5. Investimentos realizados

#### 6.2. Estratexia e programas en curso (curto prazo)

#### 6.3. Estratexia a medio e longo prazo

### 7.- Conclusións

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 14 táboas, 37 figuras e 6 gráficas.

A documentación foi entregada en soporte papel e en soporte dixital con versións da memoria en lingua galega e en lingua castelá.

2.- Resultados do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo, datos 2017, 3ª Fase, a considerar no Plan de Acción:

#### 2.1.- Indicadores acústicos:

Os aspectos esenciais da revisión do plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo, refírese a avaliación dos resultados no cumprimento dos obxectivos de calidade acústica producidos na cidade dende a data da última revisión (datos do ano 2012) ata a data da actual revisión (datos do ano 2017 recollidos na revisión do mapa estratéxico de ruídos), co obxecto de establecer liñas de actuación para os vindeiros anos.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos ós índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

A análise do impacto acústico das fontes de ruído segundo a normativa vixente: tráfico viario, tráfico ferroviario e as actividades industriais, realizouse tomando como referencia os diferentes períodos do día e os seus respectivos índices de ruído establecidos na lexislación antes citada.

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, comprendido entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período comprendido entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período comprendido entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Os obxectos de calidade acústica establecidos no referido Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro, para os referidos períodos do día son os seguintes:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

| Tipo de área acústica |   | Índices de ruído |     |     |
|-----------------------|---|------------------|-----|-----|
|                       |   | Ld               | Le  | Ln  |
| e                     | Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica. | 60               | 60  | 50  |
| a                     | Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial  | 65               | 65  | 55  |
| d                     | Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)  | 70               | 70  | 65  |
| c                     | Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.  | 73               | 73  | 63  |
| b                     | Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.  | 75               | 75  | 65  |
| f                     | Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)                  | (2)              | (2) | (2) |

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

A análise relativa á afección acústica do territorio realízase en termos de superficie e poboación exposta:



## Concello de Vigo

Para o cálculo da superficie exposta, faise uso do método END (Environmental Noise Directive 2002/49/CE), que computa a cantidade de metros cadrados de terreo que hai entre dúas curvas isófonas consecutivas en cada parte do territorio e obtén así a cantidade total de superficie exposta a cada rango de niveis de ruído en todo o municipio.

Para o cálculo da poboación exposta, pártese da afección sobre cada un dos edificios residenciais incluídos no territorio, e calcúlase a afección sobre os habitantes a partires de dous métodos de cálculo:

a) Mediante o método END (Environmental Noise Directive 2002/49/CE) asúmese que todos os residentes dun edificio son susceptibles de estar expostos ao maior nivel de ruído que alcanza as súas fachadas. Trátase do método máis conservador, mediante o cal a cada un dos habitantes do edificio asócialle o máximo nivel de ruído rexistrado na fachada máis exposta, independentemente dos niveis de ruído que reciban o resto de fachadas, da distribución dos habitantes no edificio, etc.

b) Mediante o método CNOSSOS (Common NOise aSSessment methOdS), descrito no marco CNOSSOS-EU baixo a Directiva 2002/49/CE e que entrou en vigor con carácter vinculante a partires do 31 de decembro de 2018, obtéñense valores de afección da poboación máis representativos do escenario real. Este método propón distribuír a poboación dun edificio ao longo de todas as súas fachadas e estima a cantidade de residentes expostos aos diferentes niveis de ruído que se rexistran en todas elas, non unicamente na fachada máis exposta. Deste xeito, o método CNOSSOS reparte dunha maneira máis proporcional a poboación dun edificio entre as diferentes curvas isófonas que inciden sobre o mesmo.

Na 3ª Fase do M.E.R. empregáronse ámbolos dous métodos para avaliar a poboación exposta da aglomeración. O motivo é, por unha banda, o de poder comparar os resultados obtidos cos da 2ª Fase (onde unicamente empregouse o método END) e, por outro, o de obter resultados máis representativos mediante o uso do método CNOSSOS (vinculante a partires de 2019).

Tomando como referencia os criterios de afección  $L_d > 65$  dBA,  $L_e > 65$  dBA,  $L_n > 55$  dBA e  $L_{den} > 65$  dBA, obtéñense resultados reflectidos en táboas nos que se deduce que, en xeral, a afección de ruído sobre o solo diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas proporcións e cantidades que se indican nos apartados seguintes.

2.2.- Resultados de superficie exposta.- Produciuse un importante descenso de solo exposto no ano 2017:

As actuacións levadas a cabo nos últimos anos en todo o termo municipal contribuíron a conseguir unha importante redución, en termos de superficie exposta a niveis de ruído superiores aos establecidos nos obxectivos de calidade acústica. A diminución máis relevante en 2017 conseguiuase no período nocturno, rebaixando ao redor de 11 puntos a porcentaxe de

terreo exposto a niveis  $L_n > 55$  dBA con respecto a 2012. Do mesmo xeito, a porcentaxe de superficie exposta a niveis globais  $L_{den} > 65$  dBA reduciuse en máis de 7 puntos con respecto aos valores rexistrados en 2012, o que demostra a tendencia xeral do municipio a diminuír a afección acústica sobre o terreo.

2.3.- Resultado de poboación total exposta: Destaca a diminución en 2017 de poboación exposta aos rangos de ruído máis elevados, neste sentido, o período de noite foi no que máis descendeu a poboación exposta ó ruído, e no período de tarde e día o descenso da poboación exposta foi case que coincidente.

En particular, tomando como referencia o criterio de afección  $L_{den} > 65$  dBA (poboación exposta en período global de 24 horas) obtéñense uns resultados nos que se comproba que a afección de ruído sobre a poboación total diminuíu entre os anos 2012 e 2017, nas seguintes proporcións e cantidades:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a  $L_{den} > 65$  dBA diminuíu nun 11,5% con respecto á exposta no 2012 (método END), en porcentaxe de poboación exposta con respecto a total do municipio, o que equivale a case 40.000 persoas menos. Se temos en consideración unicamente a poboación exposta a eses niveis -non respecto da total do municipio- o descenso foi do 21% respecto da exposta no 2012.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a  $L_{den} > 65$  dBA diminuíu en case un 43% con respecto da exposta 2012 (método END), en porcentaxe de poboación exposta con respecto a total do municipio, pasando dun 63,3% a só un 20,6%, o que se traduce en aproximadamente 130.000 persoas menos.

2.3.1.- Constátase que a principal fonte de ruído que afecta á poboación exposta segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industrias.

Tamén se confirma unha importante diminución en 2017 de poboación exposta por tráfico viario a rangos de rúidos máis elevados. Neste sentido, en función do criterio de afección por ruído viario no período global (24 horas)  $L_{den} > 65$  dBA:

a) Co método de avaliación END, a poboación exposta a  $L_{den} > 65$  dBA diminuíu en case un 12% con respecto á porcentaxe de poboación total do municipio exposta a 2012 (método END), o que se traduce nunhas 40.000 persoas menos.

b) Co método de avaliación CNOSSOS, a poboación exposta a  $L_{den} > 65$  dBA diminuíu ao redor dun 43% con respecto á porcentaxe de poboación total do municipio exposta a 2012 (método END), pasando dun 63,3% a un 20,5%, o que supón unhas 130.000 persoas menos.



## Concello de Vigo

Respecto ó ruído ferroviario e de actividade industrial non existen variacións significativas.

Os resultados obtidos co método CNOSSOS indican que o 20,6% da poboación está exposta a niveis globais  $L_{den} > 65$  dBA, mentres que un 17,5% están a niveis nocturnos  $L_n > 55$  dBA

### 2.4.- Problemas e contornas de especial consideración:

#### 2.4.1. - Principais eixos viarios da cidade: AP-9, VG-20 (PP Navia), Avda. Madrid e A-55, N-552:

Unha análise específica da afección acústica sobre a poboación de cada un dos eixos viarios indicados, fundamentalmente de titularidade estatal, conclúe a existencia de poboación exposta a niveis globais de ruído  $L_{den}$  superiores a 65 dBA e niveis nocturnos de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA.

En relación con dita situación, descríbense distintas actuacións que reducirían este impacto acústico para trasladar, principalmente, ó Ministerio de Fomento como xa se realizou en diferentes ocasións:

- Redución da velocidade naqueles tramos onde sexa viable facelo. Alí onde non o sexa ou onde o grao de afección sexa tal que se requiran medidas correctoras adicionais, débese optar pola instalación de pantallas acústicas nas proximidades do eixo viario, cunha altura tal que se garanta a protección da contorna e principalmente dos edificios residenciais máis afectados.
- Posible apantallamento tipo túnel na VG-20, no entorno do PP de Navia.

#### 2.4.2.- Avda. Arquitectos Palacios:

Esta vía de titularidade municipal comunica a Avda. de Madrid coa Avda de Castrelos é un dos principais eixos de entrada e saída do termo municipal, cuns 40.000 vehículos diarios. Analizado o impacto acústico do tráfico conclúese que existe poboación exposta a niveis de ruído global  $L_{den} > 65$  dBA e nocturno  $L_n > 55$  dBA.

Analízanse distintos escenarios de acción co obxecto de reducir esta pegada acústica:

- Redución da velocidade e control do tráfico.
- Instalación de novas barreiras acústicas e a renovación das xa existentes.
- Renovación do firme actual por un tipo de asfalto con mellores propiedades fonoabsorbentes.

#### 2.4.3.- Hospital Álvaro Cunqueiro:

A entrada en funcionamento do hospital Álvaro Cunqueiro incrementou notablemente o tráfico na rúa Clara Campoamor e repercutiu, tamén, no incremento do tráfico na Avda. Arquitecto Palacios e Avda. de Castrelos.

A área acústica onde se empraza o novo hospital corresponde a un uso sanitario e require unha especial protección contra a contaminación acústica. Por iso, os obxectivos de calidade acústica nela establécense en 60 dBA para os períodos de día e tarde, e en 50 dBA para o período nocturno.

Na actualidade, a Estrada de Clara Campoamor, nas súas proximidades ao hospital Álvaro Cunqueiro, ten limitada a súa velocidade máxima a 30 e 50 km/ h, en función do tramo, de maneira que os niveis de ruído que alcanza a fachada do propio edificio atópanse dentro dos límites establecidos para contornas sanitarias.

#### 2.4.4.- Ocio nocturno.

A actividades de lecer non se contemplan propiamente como focos de ruído a analizar nos Mapas Estratéxicos do Ruído. Con todo cómpre efectuar as seguintes consideracións:

O ocio nocturno concéntrase, fundamentalmente, no centro do municipio. O mantemento de Zonas Acusticamente Saturadas (Z.A.S.) contribúe o control dos ruídos xerados por este uso e as labores de inspección municipal tenden a acadar o obxectivo da Administración local de conseguir unha adecuada convivencia entre os empresarios e persoas que disfrutan do ocio e os residentes, tal que os empresarios da hostalería poidan manter o seu modelo de negocio, xerar actividade económica e postos de traballo na zona, agregando valor turístico e de ocio a esta sen que os veciños vexan afectados negativamente tanto o seu dereito ao descanso nocturno como, en consecuencia, a súa calidade de vida.

#### 2.4.5.- Porto de Vigo.

O ámbito do porto de Vigo no que se sitúan importes infraestruturas e instalacións portuarias, sector naval e pesqueiro, debe ser obxecto dun MER e Plan de Acción específico do cal é competente a autoridade titular, sen prexuízo da colaboración e coordinación entre as diferentes administracións públicas.

### 3.- Programas de acción:

- Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS), continuar co seguimento destas zonas con máis dunha trintena de rúas catalogadas.

- Zonificación acústica: o Concello conta xa cun proxecto de zonificación acústica. A definitiva zonificación acústica da cidade incorporarse á ordenación urbanística do termo municipal que se encontra en tramitación e proporcionará un instrumento que achega a información necesaria para deseñar, desenvolver e implantar os procedementos óptimos de avaliación e xestión do ruído de Vigo.

- Melloras en infraestruturas e habitabilidade: Durante o período 2007-2012, o Concello de Vigo destinou preto de 75 millóns de euros na execución de máis de 80 actuacións que contribuíron á cumprir cos obxectivos de calidade acústica para o ruído no seu ámbito de influencia. O





## Concello de Vigo

investimento continuou entre os anos 2013 e 2017, onde se destinaron preto de 65 millóns de euros en máis de 140 actuacións, principalmente en humanizacións e ensanches de rúas e barrios, reasfaltado e arranxo de pavimentos e melloras en infraestruturas (trazados, curvas, etc.), e actuacións de accesibilidade, adaptación, reparación de contornas e medidas sobre o tráfico.

O goberno local, no período 2018-2023, continuará co proceso, deseño e a execución de actuacións que se poden englobar en tres grandes grupos: 1) Humanizacións de rúas e barrios, e control do tráfico; 2) Asfaltado e melloras de infraestruturas; e 3) Obras de accesibilidade e reparación de contornas, co que se acadará unha mellora nos índices de calidade acústica legalmente establecidos. No período 2018-2020, o Concello de Vigo ten planificado para este tipo de actuacións máis de 27 millóns de euros, entre a que se inclúe unha vía verde de case 4 km de lonxitude que transcorrerá sobre as antigas vías do tren, dende Urzaiz ata máis alá do límite municipal de Teis.

- Realización de actuacións en formación e información, estudos de impacto acústico, expedientes sancionadores por contaminación acústica.

- Sinálanse, tamén, unhas estratexias e programas a medio e longo prazo, entre ás que compre destacar: Reducir a velocidade mínima permitida en concretas zonas residenciais, mellorar as semaforizacións en puntos críticos da cidade, continuar coa instalación de paneis informativos sobre o tráfico, monitorizar o ruído en todo o termo municipal co obxectivo de obter información para adoptar aquelas medidas que permitan a convivencia entre as actividades e os residentes, fomentar espazos comúns libres de tráfico priorizando aos peóns sobre os vehículos, analizar o efecto que terá nun futuro a entrada en circulación con carácter xeneralizado do coche eléctrico sobre a pegada de ruído do municipio, promover o uso da bicicleta, apostar polas campañas de información e sensibilización da poboación acerca da problemática do ruído e dos seus efectos nocivos sobre a saúde.

As medidas deseñadas e as actuacións expostas permitirán, polo tanto, mellorar a pegada acústica ao longo do municipio, moi especialmente naquelas parroquias con grande densidade de poboación e nas zonas cun elevado fluxo diario de vehículos e transeúntes, como por exemplo o Centro de Vigo, Coia ou Bouzas.

En xeral, na contorna das actuacións previstas estímase para o ano 2021 unha redución media de entre 1 e 3 dB en afección sobre o terreo. Esta redución pode chegar a supoñer, tamén, a diminución de entre 2.500 e 5.000 persoas expostas a niveis de ruído diúrno, de tarde ou global superiores a 65 dBA e a niveis de ruído nocturno superiores a 55 dBA, chegando ata un 7,5% de redución con respecto aos datos de poboación exposta rexistrados no ano 2017 (3ª Fase do M.E.R.).

#### **IV.- PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN**

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de elaborar Plans de accións correspondentes ó ámbito do Mapa

Estratéxico de Ruído que permita afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústicas precisando a liña de actuacións a desenvolver..

A disposición adicional primeira Lei 37/2003 do 17 de novembro establece a obriga de aprobar os plans de acción en materia de contaminación acústica, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 18/07/2008.

Tamén, o artigo 24 da dita lei establece a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación tralo trámite de información pública polo período mínimo dun mes.

A Xunta de Goberno Local en data do 14/11/2014, aprobou definitiva a revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2013, fase 2ª (expte. 10365/306), e á Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable no ano 2018, encargou a revisión do citado plan de acción correspondente ó ano 2018, fase 3ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 24 en relación co 22 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do documento de revisión do ano 2018 (fase 3ª) tralo trámite de información pública por un período de un mes.

O documento aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 21 de febreiro de 2019, e someteuse ó trámite de información pública dun mes mediante a inserción de anuncio no BOP de PONTEVEDRA, núm. 72 do, venres, 12 de abril de 2019. A documentación estivo a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente sito na planta segunda da Casa do Concello de Vigo e, tamén, na web municipal no enderezo: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental) e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

Durante o trámite de información pública -13 de abril a 13 de maio de 2019, ámbolos dous días incluídos- non se presentaron alegacións e así consta na certificación expedida pola Secretaria do Goberno Local en data do 29/05/2019.

Por tanto, ó trámite de información pública realizouse conforme ó establecido nos artigos 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP.

Tamén, en cumprimento do artigo 18.2.b) da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicouse o documento a través do Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

A documentación de revisión do Plan de Acción contra o ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei



## Concello de Vigo

37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para aprobación da revisión do Plan de Acción corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 19/06/2015 (BOE 14/07/2015).

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### ACORDO

- PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, redactado por “Universidade de Vigo: Sonitum” e a entidade “Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L.”, con data de 30 de novembro de 2018, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 13971/306).
- SEGUNDO:** Remitir este acordo e o Documento da Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, aprobado definitivamente, en formato dixital (por triplicado) á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia para o posterior envío ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.
- TERCEIRO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.
- CUARTO:** Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, e informar aos interesados/as que contra o presente acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a

aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**QUINTO:** Publicar o presente acordo e o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, definitivamente aprobado, na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental), e no Portal da Transparencia do Concello de Vigo co obxecto de facilitar a súa consulta polos cidadáns a través de medios electrónicos.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(501).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DA FUNCIONARIA CIB INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DO SERVIZO PARA ASISTENCIA AO CURSO DE COMUNICACIÓN E PROTOCOLO DAS ENTIDADES LOCALES PARA 2019. EXPTE. 20302/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/05/19, dáse conta do informe-proposta do 28/05/19, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

O Instituto Nacional de Administración Pública ten convocado (e a asinante sido seleccionada), un Curso sobre comunicación e protocolo das entidades locais 2019, dunha duración de 50 horas, en modalidade semipresencial.

Dito curso trata sobre o protocolo e ceremonial dos actos que organizan os entes locais dende a perspectiva de manter o patrimonio cultural das entidades locais, del que forman parte as costumbres e tradicións nas que a simboloxía propia actúa como elemento diferenciador.

A metodoloxía inclúe xornadas presenciais, con dinámicas de grupo e resolución de casos prácticos e formación on line con exercizos individuais e foros virtuais.

As datas, horarios e lugares de celebración serán os seguintes:



## Concello de Vigo

| Mes        | Contenidos  | Fechas, horarios y carga lectiva de la fase presencial  | Fechas y carga lectiva de la fase no presencial                        |
|------------|---|---|--|
| Mayo       | Introducción al protocolo y a la comunicación<br>Los básicos del protocolo I y II   | <b>16 de mayo</b><br>9.00 a 19.00 (7h 30')  | De 16 de mayo a 6 de junio (1 hora)                                    |
| Junio      | Normativa<br>Precedencia y símbolos<br>Los básicos en la organización de actos<br>Actos propios de la administración local I-IV<br>Departamentos de protocolo | <b>6 de junio</b><br>9.00 a 19.00 (8h)<br><b>7 de junio</b><br>9.00 a 14.00 (4h 30')<br><b>27 de junio</b><br>9.00 a 19.00 (8h) | De 6 junio a 12 junio (1 hora)<br><br>De 26 junio a 08 julio (2 horas) |
| Julio      | Gestión de la comunicación en entidades locales I y II<br>Plan de comunicación<br>Taller de comunicación de crisis  | <b>8 de julio</b><br>9.00 a 19.00 (8h)  | De 8 a 15 julio (1 hora)   |
| Septiembre | Exposición de los trabajos finales  | <b>23 de septiembre</b><br>9.30 a 13.30 (4h)  | 9 de julio a 15 de septiembre, trabajo autónomo del alumno (5 horas)   |

*“As axudas de custo a percibir polos membros da Corporación, funcionarios/as e demais persoal do Concello para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e a estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias”*

(...)

*No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, en que se percibirá o 100 % de ditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 % cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior ás 22 horas.*

*No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as 14 horas, en cuxo caso percibirase, con carácter xeral, unicamente o 50 % dos gastos de manutención.*

(...)

*Cando a orden da comisión o autorice, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, una vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos e o lugar de destino da comisión ou lugar da residencia oficial, segundo se trate de ida ou volta, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, relacionadas co servizo de que se trate”*

Dado que o curso na modalidade presencial se desenvolve en Madrid , solicítase autorización para a asistencia a dito curso e as indemnizacións polos gastos e dietas correspondentes a que dea lugar.

En mérito ao exposto solicitouse a autorización pertinente ao Concelleiro delegado da Área de xestión municipal, Fomento, Patrimonio, Contratación e Administración electrónica e Concelleiro delegado de Facenda, outorgándose en data 15.05.2019.

Presentado expediente de xustificación de gastos ao órgano de Intervención, rexéitase por falta de fiscalización previa.

Xa que logo, como queira que o curso supera o prazo de tres días alternos ou consecutivos de límite que a Xunta de goberno local en sesión do 19 de xuño de 2015 estableceu como competencia delegada dos Concelleiros para autorizar a asistencia a cursos de formación, fórmulase a este órgano, Xunta de goberno local a seguinte

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*“1º.- Autorizar a asistencia da funcionaria municipal, con nº de persoal 76267, ao Curso de comunicación e protocolo nas entidades locais a celebrar en modo semipresencial, sendo as datas das sesións presenciais en Madrid os días 16 de maio, 6 e 7 de xuño, 27 de xuño, 8 de xullo e 23 de setembro de 2019, organizado polo Instituto Nacional da Administración Pública.*

*2º.- Autorizar as indemnizacións por razón do servizo xeradas pola asistencia ao citado curso dispoñéndose que polos Servizo de Patrimonio e Patrimonio Histórico, se proceda á tramitación do correspondente expediente de gasto mediante nota de gastos, e que se imputarán ás partidas orzamentarias de locomoción e dietas 9330.230.20.00 , 9330.231.20.00.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **15(502).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS NA PRAZA DE OFICIAL POLICÍA LOCAL POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, INCLUÍDA NA OEP 2015. EXPTE. 34065/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/05/19, dáse conta do informe-proposta do 09/05/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dunha praza de **OFICIAL POLICÍA LOCAL** en réxime funcional e incluída no subgrupo C1 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, na súa sesión de 3 de maio de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do aspirante que se relaciona a continuación por ter superados todos os exercicios do concurso-oposición.

Así mesmo, en data 07/05/2019 remite a esta área de recursos humanos e formación o expediente completo do proceso selectivo ao obxecto de proceder consonte ao previsto no epígrafe Sétimo das bases específicas (curso selectivo-nomeamento en prácticas) en concordancia coa base xeral Décimo cuarta.

Así, propónse o nomeamento de D. Enrique Toucedo Garrido, con DNI \*\*\*9130\*\*, como funcionario en prácticas na praza de OFICIAL POLICÍA LOCAL, enmarcada no Subgrupo C1 de titulación; escala de administración especial; subescala, servizos especiais; clase Policía Local, categoría Oficial, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2015 do Concello de Vigo.

| APELIDOS        | NOME    | DNI       | TOTAL       |
|-----------------|---------|-----------|-------------|
| Toucedo Garrido | Enrique | ***9130** | <b>6,60</b> |

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 08/05/2019.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (neste caso as retribucións correspondentes ao posto cód.

134-Policía, que está desempeñando na actualidade ata o momento do seu nomeamento como funcionario en prácticas, ademais dos trienios que actualmente ten recoñecidos, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, que será obrigatorio e necesario para poder tomar posesión como funcionario de carreira no novo posto ao cal acceda.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**"PRIMEIRO.-** Nomear **funcionario en prácticas** con cargo á praza convocada de **OFICIAL POLICÍA LOCAL** pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, a **D. ENRIQUE TOUCEDO GARRIDO**, con DNI \*\*\*9130\*\*, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición nesta quenda obtendo a maior cualificación cunha puntuación total de **6,60 puntos**.

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada a documentación esixida, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso de capacitación, as retribucións que lle correspondan (neste caso as retribucións correspondentes ao posto, código 134-Policía, que está desempeñando na actualidade ata o momento do seu nomeamento como funcionario en prácticas, ademais dos trienios que actualmente ten recoñecidos) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**TERCEIRO.-** O aspirante nomeado **deberá tomar posesión da súa praza como funcionario en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso de capacitación contemplado nas bases específicas da convocatoria**, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionario de carreira, unha vez superado o curso de capacitación, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.





## Concello de Vigo

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo o interesado, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(503).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OPERARIOS-PEÓNS E UN OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO -TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE . EXPTE. 34092/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/05/19, dáse conta do informe-proposta do 24/05/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 25/03/2019, o Xefe do servizo de Medio Ambiente remite oficio conformado pola concelleira delegada de medio ambiente e vida saudable, manifestando a urxente necesidade de un/unha oficial de instalacións municipais e dous/dúas operarios/as peóns para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/05/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local un/unha oficial de instalacións municipais e dous/dúas operarios/as peóns por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 16/05/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



## Concello de Vigo

### "FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial de instalacións municipais e 158-peón traballos exteriores), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."



## Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe de medio ambiente, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/unha oficial de instalacións municipais e dous/dúas operarios/as peóns para medio ambiente, supón un gasto de **34.161,04 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **11.905,09 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente " Que verificadas as listaxes de reserva para as categorías de oficial de instalacións municipais e operario/a peón, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficial de instalacións municipais de D. Enrique Fernando Couso Suárez, con DNI \*\*\*5023\*\*, e como operarios/peóns de D. Julio Alberto Naranjo Graña, con DNI \*\*\*6759\*\* e D. Daniel de Dios Fernández, con DNI \*\*\*7680\*\*, de conformidade cos Criterios

de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, **un/unha como oficial de instalacións municipais e dous/dúas como operarios/as peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de Medio ambiente contidas no escrito do 25/03/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **34.161,04 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como oficial de instalacións municipais de D. Enrique Fernando Couso Suárez, con DNI \*\*\*5023\*\*, e como operarios/peóns de D. Julio Alberto Naranjo Graña, con DNI \*\*\*6759\*\* e D. Daniel de Dios Fernández, con DNI \*\*\*7680\*\*, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas correspondentes que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.



## Concello de Vigo

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos (posto cód. 300-oficial de instalacións municipais e 158-peón traballos exteriores), sendo adscritos/as ao Servizo de Medio Ambiente, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Medio ambiente, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(504).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE EN NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 2624/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/04/19, e o informe de fiscalización do 29/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 6 de marzo pasado, o Teatro Ensalle SLL presenta escrito de solicitude de subvención para a programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2018; por este motivo, con data 3 de abril, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O **TEATRO ENSALLE SLL** é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa subvencionado celebrouse na Sala Ensalle según o seguinte:

- *Festival de Danza Contemporánea (XIV Catropezas)*, días 16, 17 e 18 de novembro de 2018
- *Programa Seiscordas'18*, días 23, 24 e 25 de novembro de 2018
- *Compañía AveLina Pérez/Velpister*, días 7, 8 e 9 de decembro de 2018

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 22.347,20 € (vintedous mil trescentos corenta e sete euros con vinte céntimos), dos que o Concello de Vigo aporta 5.000 €, o que supón o 22,37 %, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-





## Concello de Vigo

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do administrador solidario
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL, para a programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2018”, rexerose pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao TEATRO ENSALLE SLL deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL ten como obxecto financiar a para a programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2018, figurando na aplicación **3340.470.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***"PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) ao TEATRO ENSALLE SLL, CIF. B36920247, para o financiamento da programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2018, organizada por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 "PROGRAMACIÓN TEATRAL TEATRO ENSALLE", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.-* As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

#### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a



## Concello de Vigo

CONCELLERÍA D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, administrador solidario da entidade.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
6. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7. A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta copia da póliza e do recibo do pagamento

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

## **MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa



## Concello de Vigo

por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á

finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 e 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A entidade beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, máis iva, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no



## Concello de Vigo

seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei

Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(505).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA DIRECTA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA PARA FINANCIAMENTO DO DESENVOLVEMENTO DO 7º CONCURSO DE INSTRUMENTOS DE CORDA. EXPTE. 2457/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/04/19, e o informe de fiscalización do 29/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 13 de marzo pasado, a Asociación Galega de Instrumentos de Corda presenta escrito de solicitude de subvención para o programa CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA, VIOLONCELLO E CONTRABAIXO "CIDADE DE VIGO" que tivo lugar o pasado mes de decembro de 2018; por este motivo, con data 23 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 9.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente.





## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, veñen organizando dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo”, como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e demostrar o nivel interpretativo requerido para a evolución das súas carreiras musicais. O concurso ten ampliado nos últimos anos o seu ámbito xeográfico a toda a Península Ibérica.

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O 7º Concurso de Instrumentos de Corda “Cidade de Vigo” realizouse os días 1 e 2 de decembro no Auditorio “Martín Codax” do Conservatorio Superior de Música; previamente celebrárase o concerto cos gañadores da edición anterior, o 30 de novembro no Teatro Afundación.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 17.687,73 € (dezasete mil seiscentos oitenta e sete euros con setenta e tres céntimos), dos que o Concello de Vigo aporta 9.000 €, o que supón o 50,60 %, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da presidenta
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade da presidenta
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, para a organización do Concurso de violín, viola, violoncello e contrabaixo "Cidade de Vigo", rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar a organización do Concurso de violín, viola, violoncello e contrabaixo "Cidade de Vigo", figurando na aplicación **3340.480.00.13** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN



## Concello de Vigo

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, CIF. G27761196, para o financiamento do 7 ºConcurso de Instrumentos de Corda “Cidade de Vigo”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 “SUBVENCIÓN CONCURSO VIOLÍN”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Roberto Alonso Ucha, tesoureiro da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
6. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da

modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento

#### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

3. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
4. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias



## Concello de Vigo

de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 e 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.



## Concello de Vigo

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

## **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **19(506).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2657/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26/04/19, e o informe de fiscalización do 30/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de abril pasado, a asociación Federación de Bandas de Música Populares de Vigo presenta na sede electrónica solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 22 de abril, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización dos programas “*Vigo, un mar de bandas*” e “*Aulas de Música*” durante o exercicio 2019, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 170.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas**” cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

#### PROGRAMA:

PROGRAMA “*Vigo, un mar de bandas*”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á entidade.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á entidade beneficiaria, en coordinación co Concello de Vigo.
- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.
- Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasarúas ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Vitoria e Santa María (patroa de Vigo).

#### PROGRAMA “Aulas de Música”

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2019 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da entidade beneficiaria.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

#### ORZAMENTO.-

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 170.000 € (cento setenta mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención



## Concello de Vigo

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Escrito remitido pola Federación de Bandas de Música Populares de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2019, proposto polo Concello de Vigo.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Federación de Bandas de Música Populares de Vigo, para a organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2019, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e

marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo ten como obxecto financiar a organización e realización dos programas “*Vigo, un mar de bandas*” e “*Aulas de Música*” durante o exercicio 2019 e figura na partida 3340.480.00.10 “CONVENIO DE BANDAS DE MÚSICA”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 170.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**



## Concello de Vigo

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 170.000€ (cento setenta mil euros) á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo , CIF. G-36855906 , para o financiamento da organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2019, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 “CONVENIO BANDAS DE MÚSICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de Música Populares de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2019.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2019

En Vigo, \_ de \_\_\_\_ de dous mil dezanove

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, en concreto nos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, a cantidade de 170.000 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver os programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**



## Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 170.000 € (cento setenta mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELO.

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

#### PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á ASOCIACIÓN.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELO.
- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.
- Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasarúas ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

#### PROGRAMA “Aulas de Música”

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2019 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

### CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da ASOCIACIÓN.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (170.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do





## Concello de Vigo

programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

## OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlense tres pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xuño e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata esa data, e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos "Aulas de música".
- b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 30 de setembro
- c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas nos meses de outubro e novembro. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 13 de decembro de 2019.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:



## Concello de Vigo

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades nos prazos indicados
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



**Concello de Vigo**

**ANEXO I**  
**ORZAMENTO DOS PROGRAMAS**  
**“VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA”2019**

**1.- GASTOS:**

|                                |                  |
|--------------------------------|------------------|
| Actuacións de bandas de música | 111.000 €*       |
| Programa “Aulas de Música”     | 50.100 €         |
| Publicidade e produción        | 8.900 €          |
| <b>TOTAL GASTOS</b>            | <b>170.000 €</b> |

\* Os importes que se establecen por actuación e banda, á proposta da ASOCIACIÓN, son as seguintes:

|  |         |
|--|---------|
| Unión Musical de Valladares            | 1.340 € |
| Escola de Música de Beade              | 1.340 € |
| Agrupación Musical Atlántida de Matamá | 1.340 € |
| Unión Musical de Coruxo                | 1.220 € |
| Lira de San Miguel de Oia              | 1.220 € |
| Escola de Música da UVCD de Candeán    | 1.220 € |
| Unión Musical de Cabral                | 1.220 € |
| As Delicias do Caeiro-Cabral           | 1.100 € |
| Ateneo Musical de Bembrive             | 1.100 € |

**2.- INGRESOS:**

|                             |                  |
|-----------------------------|------------------|
| Subvención Concello de Vigo | 170.000 €        |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>       | <b>170.000 €</b> |

**ANEXO II**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN**  
**BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**  
**PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2019”**

D/Dna.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... de 2019, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... de 2019

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

**20(507).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “SINSAL PRIMAVERA 17” NO EXERCICIO 2019. EXPTE. 2599/330.**





## Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/04/19, e o informe de fiscalización do 30/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 12 de marzo pasado, a empresa SINSAL AUDIO S.L. presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17* a realizar durante o presente exercicio; por este motivo, con data 22 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.

### ANTECEDENTES.-

**SINSALAUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega. Tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

### PROGRAMA:

#### **Concertos no Auditorio Municipal do Concello:**

14 de abril, ás 21:00 h: *Tashi Wada Group feat. Julia Holter&Corey Fogel*

18 de abril, ás 21:00 h: *Dorian Wood presenta "Xavela Lux Aeterna"*

#### **Sesións Anecoicas na Escola de Enseñaría de Telecomunicación da Uvigo:**

10 de abril, ás 16:30 e 17:15 h: *Vudú*

22 de maio, ás 16:30 e 17:15 h: *Eladio y los seres queridos*

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 13.689,50 € (trece mil seiscientos oitenta e nove euros con cincoenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (51,13 %)
- SinsalAudio: 2.239,50 € (16,36 %)
- Venda de entradas: 4.450 € (32,51 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do administrador
- CIF da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.
- Escrito da empresa SINSAL AUDIO S.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17*.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á empresa SINSAL AUDIO S.L., para a organización do programa *FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17*, obxecto do presente convenio, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.



## Concello de Vigo

A concesión da subvención directa á empresa SINSAL AUDIO S.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á empresa SINSAL AUDIO S.L. ten como obxecto financiar a organización da programación *FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17* para o presente exercicio, figurando na aplicación **3340.470.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á empresa SINSAL AUDIO S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000€ (sete mil euros) a SINSAL AUDIO S.L., CIF. B36898369, para o financiamento do Festival Sinsal Primavera 17, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Sinsal Primavera 17.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17 NO EXERCICIO 2019**

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de Administrador da sociedade Sinsalaudio, SL, con CIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita empresa, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante A EMPRESA.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que SINSALAUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*



## Concello de Vigo

*II.- Que **SINSALAUDIO S.L.**, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.*

*III.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación de **SINSAL AUDIO S.L.**, como medio que é de promover a música na cidade.*

*IV.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.470.00.02, como subvención nominativa, a favor de **SINSAL AUDIO S.L.**, a cantidade de 7.000 euros.*

*V.- Que **SINSALAUDIO S.L.** non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*VI.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para desenvolver o programa *FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17* durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola EMPRESA, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 13.689,50 € (trece mil seiscientos oitenta e nove euros con cincuenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (51,13 %)

- SinsalAudio: 2.239,50 € (16,36 %)
- Venda de entradas: 4.450 € (32,51 %)

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

#### **Concertos no Auditorio Municipal do Concello:**

14 de abril, ás 21:00 h: *Tashi Wada Group feat. Julia Holter&Corey Fogel*

18 de abril, ás 21:00 h: *Dorian Wood presenta "Xavela Lux Aeterna"*

#### **Sesións Anecoicas na Escola de Enseñaría de Telecomunicación da Uvigo:**

10 de abril, ás 16:30 e 17:15 h: *Vudú*

22 de maio, ás 16:30 e 17:15 h: *Eladio y los seres queridos*

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Luís Campos Alonso, administrador da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).



## Concello de Vigo

8. A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A EMPRESA entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Ceder os espazos de titularidade municipal para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio: Auditorio Municipal do Concello.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A EMPRESA está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das





## Concello de Vigo

subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A entidade beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, máis iva, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## Concello de Vigo

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

#### **ANEXO I**



**Concello de Vigo**

**ORZAMENTO DO PROGRAMA  
"FESTIVAL SINSAL PRIMAVERA 17"**

**1.- GASTOS:**

|                     |                    |
|---------------------|--------------------|
| Cachés              | 4.235 €            |
| Hoteis              | 220 €              |
| Dietas              | 220 €              |
| Gastos Admon        | 1.815 €            |
| Transportes         | 363 €              |
| Producción técnica  | 2.420 €            |
| Comunicación        | 2.117,50 €         |
| Promoción e deseños | 2.299 €            |
| <b>TOTAL GASTOS</b> | <b>13.689,50 €</b> |

**2.- INGRESOS:**

|                       |                    |
|-----------------------|--------------------|
| Concello de Vigo      | 7.000 €            |
| SinsalAudio           | 2.239,50           |
| Venda de entradas     | 4.450 €            |
| <b>TOTAL INGRESOS</b> | <b>13.689,50 €</b> |

**21(508).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA DE CONCERTOS DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2667/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 07/05/19, e o informe de fiscalización do 03/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/05/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 29 de abril pasado, a Orquesta Clásica de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos a realizar durante o exercicio 2019; por este motivo, con data 29 de abril, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e tres anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

PROGRAMA:

**Xoves 7 de marzo**

*RAVEL*

Teatro Afundación

**Sábado 6 de abril**

*Purcell+Vivaldi+Haydn*

Auditorio Municipal do Concello

**Sábado 4 de maio**

*Poulenc&Gershwin*

Teatro Afundación

**Venres 21 de xuño**

*Día da Música*

Barrio Histórico

**Sábado 12 de outubro**

*Mendelssohn+Beethoven*

Teatro Afundación

**Sábado 16 de novembro**

*Metals, electrónica e audiovisual*

Marco

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 53.000 € (cincoenta e tres mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 € (37,73 %)



## Concello de Vigo

- Aportación da entidade: 23.000 € (43,40 %)
- Venda entradas: 10.000 € (18,87 %)

### **DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF da presidenta
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito da Orquesta Clásica de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao *programa de concertos* a realizar durante o exercicio 2019

### **LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos a realizar durante o exercicio 2019, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista

nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### **ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-**

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### **FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-**

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos a realizar durante o exercicio 2019, figurando na aplicación **3340.480.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### **CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***"PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 20.000 € (vinte mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF. G36688422, para o financiamento do programa de concertos 2019, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á*





## Concello de Vigo

*aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 "CONVENIO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Orquesta Clásica de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2019".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2019**

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Gustavo Adolfo Barcia González, na súa condición de presidente da Orquesta Clásica de Vigo (CIF: G-36688422) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida Clara Campoamor, 28, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*Que a **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e tres anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa*

*de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO**, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.04, como subvención nominativa, a favor da **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO**, a cantidade de 20.000 euros.*

*IV.- Que a **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o o programa de concertos durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**



## Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 53.000 € (cincoenta e tres mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 € (37,73 %)
- Aportación da entidade: 23.000 € (43,40 %)
- Venda entradas: 10.000 € (18,87 %)

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Xoves 7 de marzo

*RAVEL*

Teatro Afundación

Sábado 6 de abril

*Purcell+Vivaldi+Haydn*

Auditorio Municipal do Concello

Sábado 4 de maio

*Poulenc&Gershwin*

Teatro Afundación

Venres 21 de xuño

*Día da Música*

Barrio Histórico

Sábado 12 de outubro

*Mendelssohn+Beethoven*

Teatro Afundación

Sábado 16 de novembro

*Metals, electrónica e audiovisual*

Marco

### CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Barcia González, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA



## Concello de Vigo

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (20.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
3. Ceder gratuitamente o Auditorio Municipal do Concello según a súa disponibilidad e necesidades do propio Concello, para o que a ASOCIACIÓN presentará a solicitude correspondente, cunha antelación mínima de un mes respecto á data do concerto.

### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun



## Concello de Vigo

balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





## Concello de Vigo

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



## Concello de Vigo

### DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

### DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## **ANEXO**

### **ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS 2019**

#### **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO**

##### **1.- GASTOS:**

|                          |          |
|--------------------------|----------|
| Partituras               | 3.000 €  |
| Aluguer de espazos       | 3.600 €  |
| Aluguer instrumentos     | 2.500 €  |
| Aluguer de material      | 1.500 €  |
| Cachés                   | 1.000 €  |
| Dietas orquestra         | 16.000 € |
| Producción concertos     | 4.250 €  |
| Coordinación de ensallos | 1.200 €  |
| Transporte instrumentos  | 500 €    |
| Xestión                  | 5.800 €  |
| Comunicación             | 3.000 €  |
| Seguro accidentes        | 509,30 € |
| Seguro RC                | 255,09 € |
| Dereitos autor           | 500 €    |
| Seguro instrumentos      | 400 €    |
| Fotografía e vídeo       | 995 €    |
| Deseño                   | 420,87 € |
| Imprenta                 | 3.000 €  |
| Reprografía              | 2.000 €  |
| Publicidade              | 1.000 €  |
| Caterin                  | 4.000 €  |
| Web                      | 90,61 €  |

**TOTAL GASTOS 53.000 €**

##### **2.- INGRESOS:**

|                             |          |
|-----------------------------|----------|
| Subvención Concello de Vigo | 20.000 € |
| Venda de entradas           | 10.000 € |
| Aportación da entidade      | 23.000 € |

**TOTAL INGRESOS 53.000 €**



## Concello de Vigo

### **22(509).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4799/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 04/06/19, asinado polo xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a técnico de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018, entre outros asuntos acordou:

Primeiro: Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada, do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar Prego de prescricións técnicas particulares revisado, asinado polo Xefe de Área de Inversións e o Xefe de Área de Servizos Xerais en data 11 de decembro de 2017, e os anexos das fichas técnicas para o Lote 1, Lote 2 e Lote 3, asinados polo Xefe de Área de Inversións e o Xefe de Área de Servizos Xerais en data 25 e 27 de outubro de 2017

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas definitivo asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 20 de febreiro de 2018.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de de 954.000 € (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 165.570,25 €, polo que prezo sen IVE é de 788.429,75 €. Dito importe se atopa desglosado nos seguintes importes para cada lote e de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Distribución de anualidades:

| Lotes     |   | 2018         | 2019         | Total               |
|-----------|---|--------------|--------------|---------------------|
| LOTE Nº 1 | Calzado   | 46.904,50 €  | 46.904,50 €  | <b>93.809,00 €</b>  |
| LOTE Nº 2 | Prendas ou elementos de uniformidade xeral                    | 127.533,00 € | 127.533,00 € | <b>255.066,00 €</b> |
| LOTE Nº 3 | Roupa de traballo coa condición de EPIs                       | 51.775,00 €  | 51.775,00 €  | <b>103.550,00 €</b> |
| LOTE Nº 4 | Prendas ou elementos uniformidade especifica da Policía Local | 250.787,50 € | 250.787,50 € | <b>501.575,00 €</b> |
|           |   | 477.000,00 € | 477.000,00 € | <b>954.000,00 €</b> |

Trátase dun contrato de carácter plurianual (2 anos). Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos nas aplicacións orzamentaria s relacionadas, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

|      |           |                                   |              |
|------|-----------|-----------------------------------|--------------|
| 1532 | 221.04.01 | Vestuario convenio Xunta-Concello | 10.000,00 €  |
| 1710 | 221.04.00 | Vestuario persoal                 | 5.000,00 €   |
| 3371 | 221.04.00 | Vestuario                         | 9.000,00 €   |
| 3420 | 221.04.00 | Vestuario persoal                 | 26.000,00 €  |
| 9200 | 221.04.00 | Vestuario servizos municipais     | 427.000,00 € |

O Valor estimado para cada lote establececese de acordo cos seguintes importes:

|           |   |                |
|-----------|---|----------------|
| Lotes     |   |                |
| LOTE Nº 1 | Calzado   | 170.561,82 €   |
| LOTE Nº 2 | Prendas ou elementos de uniformidade xeral                    | 463.756,36 €   |
| LOTE Nº 3 | Roupa de traballo coa condición de EPIS                       | 188.272,73 €   |
| LOTE Nº 4 | Prendas ou elementos uniformidade especifica da Policía Local | 911.954,55 €   |
|           |   | 1.734.545,45 € |

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 27 de setembro de 2018, entre outros asuntos acordou;

Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4.799-440) coas seguintes condicións:

**Lote 1 “Calzado”:**

1. O prezo total deste lote é de 93.809,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.280,90 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 1.

**Lote 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:**

1. O prezo total deste lote é de 255.066,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 44.267,65 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 2.

**Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIS”:**



## Concello de Vigo

1. O prezo total deste lote é de 103.550,00, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.971,49 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 3.

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2018, e en base a corrección de erros aprobada pola XGL de data 27 de decembro de 2018 , acordouse a adxudicación do lote nº 4 ;

“Adxudicar a SAGRES, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) por un prezo total de 501.575,00, sendo a cota correspondente ao IVE de 87.050,21 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta e cunha baixa proporcional única do 13% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 4.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Fundamentos técnicos e xurídicos**

I.- Xustificación técnica.- En relación coa execución deste contrato e de acordo coa realidade da súa execución e necesario ter en conta a necesidade iniciar o expediente administrativo para a modificación do contrato de acordo as seguintes observacións:

#### a) Necesidades en relación ao **LOTE Nº 4: POLICÍA LOCAL.**

Por parte da Xefatura da Policía Local de Vigo, informase da necesidade de subministrar a uniformidade correspondente a proxima incorporación de funcionarios de novo ingreso que se atopan en proceso de practicas na AGSP. De acordo cos datos facilitados polo servizo da policía local, esta incorporación atende a un total de 32 axentes de nova incorporación que proveñen de 28 postos de traballo de acceso libre e 4 postos de traballo referidos a axentes que se incorporarán ao servizo na modalidade de "mobilidade" de outros Concellos.

Seguindo a información da xefatura da Policía Local de Vigo, as necesidades do subministro do vestiario en relación a estes 32 novos postos de traballo atopase referida as necesidades da sección de "motoristas".

b) Necesidades en relación aos LOTE Nº 1: Calzado, LOTE Nº 2 Prendas ou elementos de uniformidade xeral, LOTE Nº 3: Roupas de traballo coa condición de EPIs: Para as necesidades do servizo municipal de emprego:

Dende a Xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, comunicase a solicitude de poder incluír no actual CONTRATO DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, as necesidades que ten este servizo relacionadas coas seguintes necesidades:

- Persoal do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”-
- Persoal do programa de contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA).
- Persoal do programa Obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia (Operacións básicas de cociña e Operacións básicas de restaurante e bar: VIGO CAPACITA I, II, III, IV, V, VI):

O vixente contrato é un contrato de subministros en función das necesidades da administración cun orzamento máximo ( disposición adicional 34ª do TRLCSP) e de acordo aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario.

En relación as necesidades descritas nas solicitudes de ambos servizos, débese indicar que as mesmas non se corresponden as necesidades inicialmente contempladas na previsión definidas no PPTP do actual contrato, e as mesmas atenden a novas necesidades e polo tanto o maior número de postos de traballo, la va implícito una maior necesidades na previsión económica do actual contrato en relación aos tres lotes, polo cal é necesario proceder a solicitude da condición recollida no PCAP, de modificar o prezo máximo do contrato.

II.- Normativa contractual de aplicación.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que "Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei se rexerán pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. Polo cal de acordo co perfil do contratista do Concello de Vigo, o citado expediente de contratación foi publicado no perfil con data 23/02/2018, polo cal lle será de aplicación o indicado na normativa anterior (Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público)

III.- Posibilidade de modificación.- O artigo 210 da TRLCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 105.2 do TRLCSP contempla que os contratos del sector público soamente poderán modificarse cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de





## Concello de Vigo

licitación de acordo co indicado no artigo 106 o TRLCSP e nos casos e con los límites establecidos no artigo 107 da dita Lei.

En relación as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación o artigo 106 do TRLCSP, indica:

*Os contratos do sector público poderán modificarse sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación advertiuse expresamente desta posibilidade e detalláronse de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderá facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.*

*A estes efectos, os supostos en que poderá modificarse o contrato deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva e as condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.*

IV.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 106 do TRLCSP , no apartado 16.a das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 22.02.2018, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

**Aspectos a modificar:** o incremento do orzamento máximo do contrato.

### **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

- A necesidade dun maior número ou de novas prendas ou elementos para dotar de vestuario aos traballadores derivado do aumento do persoal adscrito a cada servizo.
- A modificación da normativa vixente en canto a seguridade e saúde no traballo.

### **LIMITES DA MODIFICACIÓN:**

- 20% do prezo do contrato, para cada un dos catro lotes
- A incorporación de novas prendas ou elementos non poderá ser superior ao 30% do número de prendas ou elementos de cada un dos lotes

V.- Competencia.- Procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a seguinte proposta de acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato de CONTRATO DO SUBMINISTRO DE VESTUARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, para a modificación do prezo máximo do contrato para os lotes; LOTE Nº 1: Calzado, LOTE

Nº 2 Prendas ou elementos de uniformidade xeral, LOTE Nº 3: Roupa de traballo coa condición de EPIS e LOTE Nº 4: Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local. Todos eles en relación as necesidades indicadas na parte expositiva deste informe e en relación ao incremento máximo do 20 % indicado no apartado 16.D das FEC.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(510).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO E ACTUALIZACIÓN DE ATRASOS DA FACTURACIÓN. EXPTE.1316/440.**

Visto o informe xurídico do 5/06/19 e o informe de fiscalización do 3/06/19, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1.1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de agosto de 2012, entre outros asuntos aprobou o expediente de CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO EDIFICIO CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440, aprobándose o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 30 de xullo de 2.012, así como o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado pola Técnica de Administración Xeral da Área de Contratación en data 30 de xullo de 2.012.

1.2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio de 2013, entre outros asuntos acordou a adxudicación do PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440, a mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por un prezo total de 6.700.078,70 €/catro anos (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 1.022.045,90 €/catro anos.

1.3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de xuño de 2013, aprobou a CORRECCIÓN ERROS ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DAS SÚAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 1316/440, de acordo co seguinte contido "Corrixir o erro material do paragrafo 1º do punto 6 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de maio de 2013 " ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440., no sentido de fixar como prezo do contrato co IVE do 21% incluído o de 6.870.419,69 euros e



## Concello de Vigo

a cota correspondente o IVE (21%) na cantidade de 1.192.386,89 €/ para os catro anos do contrato."

1.4.- Con data 14 de xuño de 2013, o Concello de Vigo asina o contrato coa mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U, establecéndose como data de inicio para a prestación dos servizos de limpeza da casa do concello e demais dependencias municipais o 16 de xuño de 2013. O citado contrato ten unha duración de catro anos, e con data 4 de xullo se asina unha adenda ao contrato coa cal se corrixe o erro material do paragrafo 1º do punto 6 da orde do día da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de maio de 2013 " **ADJUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440., no sentido de fixar como prezo do contrato co IVE do 21% incluído o de 6.870.419,69 euros e a cota correspondente o IVE (21%) na cantidade de 1.192.386,89 €/ para os catro anos do contrato.**"

### **II.- Sobre a revisión de prezos no contrato:**

II.1. - Os prezos do contrato poderán ser obxecto de revisión de acordo o recollido na cláusula 29. "Revisión de prezos " do PCAP e no apartado 3.J das FEC, que establece:

O apartado 3.J. Das FEC establece:

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20 % do seu importe, e **recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional** no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adjudicación se produce con posterioridade.

II.2.- Con data 13 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou a revisión ordinaria do contrato dacordo co seguinte:

"1.- Aprobar a 1ª revisión ordinaria do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias" por un importe anual de 15.756,54 € /ano (sen IVE) o que supón 19.065,41 € / ano ( con IVE).

2.- Aprobar o prezo total anual do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias" despois da 1ª revisión ordinaria por un importe total anual de 1.435.264,74 € /ano (sen IVE) que supón 1.736.670,34€ /ano (con IVE).

3.- Aprobar o importe dos atrasos derivados da 1ª revisión ordinaria do contrato por un importe de 8.534,76 € (sen IVE) o que supón 10.327,06 € (con IVE).

II.3.- A Xunta de Goberno Local de data 4 de decembro de 2015, acorda:

1º.- Aprobar a 2ª revisión ordinaria do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias", correspondente o 85 % da variación do IPC do periodo xaneiro 2013-xuño 2015 cun valor do 1,19, o cal correspondese cunha revisión o alza de 16.892,15 €/ano sen IVE sobre o prezo de adjudicación inicial, o cal lle corresponde polo IVE (21%) un importe de 3.547,35 €, o que fai un total IVE engadido de 20.439,50 €/ano, a favor da mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF

A36621464), con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial.

2º.- Aprobar o prezo total anual do contrato de “Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias” a favor da mercantil LIMPIEZAS DEL NORAESTE SAU (CIF A36621464), despois da 2ª revisión ordinaria por un importe de 1.436.400,35 €/ano sen IVE, que co importe de 301.644,07 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 1.738.044,42 €. IVE incluído. Dito importe será con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial e coa seguinte ditribución anual:

ano 2015: 941.440,73 €

ano 2016: 796.603,69 €

3º.- Aprobar o importe a facturar correspondente os atrasos derivados da facturación xa emitida pola mercantil LIMPIEZAS DEL NORAESTE SAU (CIF A36621464) dende o 16 de xuño de 2015 ata o 31 de outubro de 2015, e a súa correspondente actualización a 2ª revisión por un importe de 425,84 € (sen IVE) que co importe de 89,43 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 515,27 €. IVE engadido.

II.3.- A Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2017, entre outros asuntos acorda:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias” a favor da mercantil “Mantelnor Limpiezas, S.L.U”, como adxudicataria do contrato para a anualidade comprendida no período (16 de xuño de 2016 ata o 15 de xuño de 2017), a cal despois da aplicación do criterio de revisión, resulta un prezo anual de 1.426.747,69 €/ano sen IVE, que co importe de 299,617,02 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.726.364,71 € IVE incluído**.

II.4.- A Xunta de Goberno Local de data 7 de xuño de 2018, entre outros asuntos acorda a corrección de erros aritméticos e materiais no acordo da Xunta de Goberno local relativo á 4ª revisión ordinaria do contrato de servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias do Concello de Vigo, de acordo os seguinte importe:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias” a favor da mercantil “Mantelnor Limpiezas, S.L.U”, como adxudicataria do contrato para a anualidade comprendida no período (16 de xuño de 2017 e o 15 de xuño de 2018), a cal despois da aplicación do criterio de revisión, resulta un prezo anual de 1.444.917,40 €/ano sen IVE, que co importe de 303.432,65 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.748.350,05 € IVE incluído**.

### **III.- Acordo de cesión do contrato:**

III.1.- A Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016, acorda entre outros:

“1º.- Autorizar a **cesión do contrato** do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto, adxudicado a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por resolución da Xunta de



## Concello de Vigo

Goberno Local de 24 de maio de 2013, á favor da mercantil **MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.**

2º.- MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., deberá prestar garantía definitiva por importe de 283.901,64 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, LINORSA, S.A.U.

3º.- A cesión quedará condicionada á formalización da mesma en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ó Concello.

4º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo”.

### **IV.- Prorroga do contrato:**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de abril de 2017, acordou a PRÓRROGA DO CONTRATO DE “LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1316/440, de acordo co seguinte contido:

1.- Autorizar a prórroga do contrato para a “Limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo” (Expte. 1.316/440), polo período comprendido entre o 16 de xuño de 2017 e o 15 de xuño de 2018, en favor da empresa Mantelnor Limpezas, S.L.U.

O importe económico da prórroga indicada , sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte:

Año 2017 (período comprendido entre el 16 de xuño de 2017 e 31 de decembro de 2017: 941.440,76 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

Año 2018 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 15 de xuño de 2018: 796.603,66 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2018, acordou a PRÓRROGA DO CONTRATO DE “LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1316/440, de acordo co seguinte contido:

1.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por un prazo de 1 ano, polo período de 16.06.2018 a 15.06.2019.

2.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato dos servizos de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo, a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., por un importe de 1.748.350,05 € (dos cales 303.432,65€ corresponden ao IVE) imputando o mesmo na aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 coa seguinte distribución anual:

- Ano 2018: 947.022,94 euros,
- Ano 2019: 801.327,11 euros

#### **V.- Solicitud de revisión do contrato realizada por Mantelnor Limpiezas, S.L.U.**

Con data 16 de maio de 2019 a adxudicataria do contrato Mantelnor Limpiezas, S.L.U. Solicita a revisión de prezos con referencia ao período 16 de xuño 2019 ata 15 de xuño de 2019.

A vista da citada solicitude procede a realización da revisión do prezo do contrato de acordo cos antecedentes descritos en relación as anteriores revisións, e de acordo cos seguintes cálculos:

**a.- Última revisión aprobada:** Acordo da Xunta de Goberno local de 21 de decembro de 2017, acorda e a corrección de erros aritméticos acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data do 7 de xuño de 2018, o novo prezo para a súa aplicación a partir do 16 de xuño de 2017, de acordo cos seguintes importes:

- 4. 1.444.917,40 €/ano sen IVE, que co importe de 303.432,65 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 1.748.350,05 € IVE incluído.

#### **b.- Revisión de prezos do período 16 Xuño 2018 a 15 xuño 2019)**

- 5. Coste anual do contrato de acordo coa oferta realizada (sen IVE): 1.419.508,20 €.
- 6. Prezo de aplicación para este período (a partir do 16 de xuño de 2018): O último prezo vixente despois da última revisión e de: 1.444,917,40 €/ano sen IVE.
- 7. IPC (xaneiro 2013/ xuño 2018) : 4,4 %
- 8. 85 % IPC: 3,74 %
- 9. Importe da revisión do prezo: 3,74 % de 1.419.508,20 € = 53.089,61 € /ano sen IVE, o que fai un total sen IVE ano de 1,472.597,81 €/ano.
- 10. Novo importe do prezo anual do contrato para o período do 16 de xuño de 2018 ata o 15 de xuño de 2019 = **1.472.597,81 €/ano sen IVE**, que co importe de 309.245,54 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.781.843,35 € IVE** incluído.
- 11. Importe mensual: **122.716,48 € /mes sen IVE**, que co importe de 25.770,47 €, correspondente o IVE (21%) fan un total de **148.486,95 €/mes. IVE incluído.**

#### **VI.- Cálculos dos atrasos da revisión en función das acordos aprobados:**

**Importes derivadas da non regulación da facturación: (comparativa facturación real en relación os importes que debían ser facturados:** O acordo da XGL de 07/06/2018, fixou o importe anual do contrato nun importe de 1.748.350,05 € para o período 16/06/2017 a



## Concello de Vigo

15/06/2018, e a facturación real executada foi por un importe menor, polo cal procede a regulación dos seguintes importes dende a data do 01/01/2018

|  |      | Importe da anualidade 16/06/2017 a 15/06/2018 |                | <b>1.748.350,05 €</b> |   |
|--|------|---|----------------|-----------------------|---|
|  |      | Facturado                                     | Debía facturar | Diferencial           |   |
| contrato 16 de xuño 2017 a 15 xuño 2018        | 2017 | xuño  |                |                       |   |
|  | 2017 | xuño  | 72.418,52 €    | 72.847,92 €           | Importes regularizados no acordo da XGL do 07/06/2018 |
|  | 2017 | xullo   | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          |   |
|  | 2017 | agosto  | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          |   |
|  | 2017 | setembro                                      | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          |   |
|  | 2017 | Outubro                                       | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          |   |
|  | 2017 | novembro                                      | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          |   |
|  | 2017 | decembro                                      | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          |   |
|  | 2018 | xaneiro                                       | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          | - 858,80 €  |
|  | 2018 | febreiro                                      | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          | - 858,80 €  |
|  | 2018 | marzo   | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          | - 858,80 €  |
|  | 2018 | abril   | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          | - 858,80 €  |
|  | 2018 | maio  | 144.837,04 €   | 145.695,84 €          | - 858,80 €  |
|  | 2018 | xuño  | 72.418,52 €    | 72.847,89 €           | - 429,37 €  |
| 2018   |      |   |                |                       |   |
| Diferencial a favor de Mantelnor Limpiezas SLU |      |   |                | 4.723,37 €            |   |

**Importes derivadas da non regulación da facturación: (comparativa facturación real en relación os importes que debían ser facturados:** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2018, acordou a PRÓRROGA DO CONTRATO DE "LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 1316/440, de acordo co seguinte contido:

1.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por un prazo de 1 ano, polo período de 16.06.2018 a 15.06.2019.

2.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato dos servizos de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo, a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., por un importe de 1.748.350,05 € (dos cales 303.432,65€ corresponden ao IVE) imputando o mesmo na aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 coa seguinte distribución anual:

- Ano 2018: 947.022,94 euros,

- Ano 2019: 801.327,11 euros

| Importe 16/06/2018 a 15/06/2019 |                  | <b>1.748.350,05 €</b> |             | Revisión prezo |  |
|---------------------------------|------------------|-----------------------|-------------|----------------|--|
|                                 | <b>Facturado</b> | Debía facturar        | Diferencial | 1.781.843,35 € |  |

|   |  |          |              |                   |                   |              |                    |                    |
|---|--|----------|--------------|-------------------|-------------------|--------------|--------------------|--------------------|
| contrato 16 de xuño 2018 a 15 xuño 2019 | 2018   | xuño     |              |                   |                   | A FACTURAR   | DIFERENCIAL        |                    |
|   | 2018   |          | 72.418,52 €  | 72.847,92 €       | - 429,40 €        | 74.243,48 €  | -1.395,56 €        |                    |
|   | 2018   | xullo    | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2018   | agosto   | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2018   | setembro | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2018   | Outubro  | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2018   | novembro | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2018   | decembro | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2019   | xaneiro  | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2019   | febreiro | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2019   | marzo    | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2019   | abril    | 144.837,04 € | 145.695,84 €      | - 858,80 €        | 148.486,95 € | -2.791,11 €        |                    |
|   | 2019   | maio     |              | 145.695,84 €      |                   | 148.486,95 € |                    |                    |
|   | 2019   | xuño     |              | 72.847,89 €       |                   | 74.243,42 €  |                    |                    |
|   | 2019   |          |              |                   |                   |              |                    |                    |
|   | Diferencial a favor de Mantelnor do ano 2018 |          |              |                   | <b>5.582,20 €</b> |              |                    | <b>18.142,22 €</b> |
|   | Diferencial a favor de Mantelnor do ano 2019 |          |              |                   | <b>3.435,20 €</b> |              |                    | <b>11.164,44 €</b> |
| Total                                   |  |          |              | <b>9.017,40 €</b> |                   |              | <b>29.306,66 €</b> |                    |

### RESUMEN DAS DIFERENCIAS ECONÓMICAS EN RELACIÓN A FACTURACIÓN REAL REALIZADA ATA O 31 DE ABRIL DE 2019:

|  |               |
|--|---------------|
| Período 16/06/2016 o 15/06/2017. Acordo da XGL do 07/06/2018. Diferenza a favor do Concello de Vigo polo importe de:                                 | -11.679,77 €. |
| Período 16/06/2017 o 31/12/2017. Acordo da XGL do 07/06/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU polo importe de (3,832,41 € + 1.717,62 €) | 5.550,03 €.   |

|  |                   |
|--|-------------------|
| Período 01/01/2018 o 15/06/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU por facturas emitidas por debaixo do importe establecido para dito período | 4.723,40 €.       |
| Período 16/06/2018 o 31/12/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU por facturas emitidas por debaixo do importe establecido para dito período | 5.582,20 €.       |
| <b>Diferencial a 31/12/2018: importe a favor de MANTELNOR POR ATRASOS NA FACTURACIÓN PENDENTES:</b>  | <b>4.175,86 €</b> |

Importes derivados da revisión de prezos para o período 16/06/2018 ata 31/12/2018 sobre a facturación realizada e revisada:

|   |                     |
|---|---------------------|
| Período 16/06/2018 o 31/12/2018. Diferenza a favor de Mantelnor | <b>18.142,22 €.</b> |
|---|---------------------|





## Concello de Vigo

|  |  |
|--|--|
| Limpiezas SLU en relación o novo importe de revisión de prezos |  |
|--|--|

Importes derivados de atrasos na facturación realizada:

|   |                    |
|---|--------------------|
| Período 01/01/2019 o 31/04/2019. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU por facturas emitidas por debaixo do importe establecido para o período | <b>3.435,20 €.</b> |
|---|--------------------|

**Importes derivados da revisión de prezos para o período 01/01/2019 ata 15/06/2019 sobre a facturación realizada e revisada:**

|  |                     |
|--|---------------------|
| Período 01/01/2019 o 15/06/2019. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU en relación o novo importe de revisión de prezos | <b>11.164,44 €.</b> |
|--|---------------------|

|  |                     |
|--|---------------------|
| TOTAL A FAVOR DE MANTELNOR CORRESPONDENTE AO ANO 2018    | <b>22.318,08 €.</b> |
| TOTAL A FAVOR DE MANTELNOR CORRESPONDENTE AO ANO 2019    | <b>14.599,64 €.</b> |
| <b>Importe total a favor de Mantelnor ata 31/04/2019</b> | <b>36.917,72 €</b>  |

### **VI.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS RESULTANTES DA REVISIÓN DE PREZOS:**

O T.R.L.C.S.P., establece no seu artigo 94, "pago do importe da revisión", que o importe das revisións que procedan faranse efectivo, de oficio, mediante o abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non puideran incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

O propio Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así o prevé na súa Cláusula 29. "*O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato*"

De acordo co establecido no artigo 94 do TRLCSP, o importe das revisións que procedan poderá facerse efectivo, de oficio, mediante abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non se puidesen incluír nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

### **VII.- PROPOSTA:**

O órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos e a Xunta de Goberno Local (en adiante X.G.L.), de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do T.R.L.C.S.P.

Previamente a remitir o expediente a Secretaría da X.G.L., para a súa inclusión no orde do día deberá emitir informe de fiscalización favorable a Intervención Xeral.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a revisión de prezos do contrato de Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias" a favor da mercantil "Mantelnor Limpiezas, S.L.U", como adxudicataria do contrato para a anualidade comprendida no período (16 de xuño de 2018 ata o 15 de xuño de 2019), a cal despois da aplicación do criterio de revisión, resulta un prezo anual de **1.472.597,81 €/ano sen IVE**, que co importe de 309.245,54 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de **1.781.843,35 € IVE** incluído.

Segundo: Aprobar e autorizar o gasto polo importe de **33.482,52 €.**, a favor da mercantil "Mantelnor Limpiezas, S.L.U", en relación os importes correspondentes a revisión de prezos do contrato dende o 16/06/2018 ata o 15/06/2019, así como para os atrasos correspondentes a facturación xa executada ata o 31/04/2019, de acordo as cantidades indicados na parte expositiva deste informe de acordo cos seguintes cantidades:

b) Importes de atrasos correspondentes ao ano 2018 (4.175,86 € + 18.142,22 €) que fan un total de **22.318,08 €**

c) Importe correspondente a revisión do prezo do contrato para a anualidade 2019, polo importe de **11.164,44 €.**

Dito importe será con cargo os créditos da aplicación 9200.227.00.00 e a súa bolsa de vinculación, para o cal será necesario incrementar os créditos contabilizados na fase "D" do actual contrato para o ano 2019 por un importe total **33.482,52 €**

Terceiro: De acordo ao novo importe do contrato derivado da revisión de prezos, procede aprobar a seguinte proposta de actualización da facturación xa realizada ata o 31/04/2019, de acordo cos seguintes importes:

**Importes dos atrasos pendentes de liquidar ata o 31/12/2018:**

|  |               |
|--|---------------|
| Período 16/06/2016 o 15/06/2017. Acordo da XGL do 07/06/2018. Diferenza a favor do Concello de Vigo polo importe de:                                     | -11.679,77 €. |
| Período 16/06/2017 o 31/12/2017. Acordo da XGL do 07/06/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU polo importe de (3,832,41 € + 1.717,62 €)     | 5.550,03 €.   |
| Período 01/01/2018 o 15/06/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU por facturas emitidas por debaixo do importe establecido para dito período | 4.723,40 €.   |



## Concello de Vigo

|  |                   |
|--|-------------------|
| Período 16/06/2018 o 31/12/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU por facturas emitidas por debaixo do importe establecido para dito período | 5.582,20 €.       |
| <b>Diferencial a 31/12/2018: importe a favor de MANTELNOR POR ATRASOS NA FACTURACIÓN PENDENTES:</b>  | <b>4.175,86 €</b> |

### **Importes dos atrasos pendentes de liquidar ata o 31/04/2019:**

|   |                    |
|---|--------------------|
| Período 01/01/2019 o 31/04/2019. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU por facturas emitidas por debaixo do importe establecido para o período | <b>3.435,20 €.</b> |
|---|--------------------|

### **Importes derivados da REVISIÓN DE PREZOS para o período 16/06/2018 ata 31/12/2018 sobre a facturación realizada e revisada:**

|  |                     |
|--|---------------------|
| Período 16/06/2018 o 31/12/2018. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU en relación o novo importe da revisión de prezos | <b>18.142,22 €.</b> |
|--|---------------------|

### **Importes derivados da REVISIÓN DE PREZOS para o período 01/01/2019 ata 31/04/2019 sobre a facturación realizada e revisada:**

|  |                     |
|--|---------------------|
| Período 01/01/2019 o 15/06/2019. Diferenza a favor de Mantelnor Limpiezas SLU en relación o novo importe de revisión de prezos | <b>11.164,44 €.</b> |
|--|---------------------|

|  |                     |
|--|---------------------|
| TOTAL A FAVOR DE MANTELNOR CORRESPONDENTE AO ANO 2018  | <b>22.318,08 €.</b> |
| TOTAL A FAVOR DE MANTELNOR CORRESPONDENTE AO ANO 2019  | <b>14.599,64 €.</b> |
| <b>Importe total a favor de Mantelnor ata 31/04/2019 a incluír na factura do mes de maio de 2019 no concepto de atrasos:</b> | <b>36.917,72 €.</b> |

Cuarto: De acordo coa aprobación da revisión do prezo do contrato, a facturación correspondente o último período deste contrato deberá corresponderse cos seguintes importes:

|   |                      |
|---|----------------------|
| Factura do mes de maio de 2019                      | <b>148.486,95 €.</b> |
| Factura do mes de xuño de 2019 (do 1 ao 15 de xuño) | <b>74.243,42 €.</b>  |

Quinto: O presente acordo comunicárase ao servizo de Contratación, a Intervención Xeral e ao contratista, aos efectos oportunos, ofrecéndolle a este último os recursos previsto na vixente lexislación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(511).- INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO ADMINISTRATIVA CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN AO PROCEDIMENTO DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA DE OBRAS HIDRÁULICAS DE REGULACIÓN XESTIONADAS POLA ADMÓN. HIDRÁULICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 3535/440.**

Dáse conta do informe-proposta de data 3/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**1º.-** Con data 19 de decembro de 2018 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014; expediente no que, desestimando as alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impoñible para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, se reclama deste o pago da cantidade de 654.753,03 euros polo dito concepto e ano.

**2º.-** Contra esta resolución a Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de xaneiro de 2019, resolveu interpoñer recurso de reposición con fundamento nas consideracións de feito e de dereito que constan no propio acordo; recurso de reposición que foi desestimado por resolución da mesma Dirección de Augas de Galicia do pasado 8 de maio. A dita resolución que pode ser impugnada en reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de



## Concello de Vigo

Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, que tivo lugar o pasado 10 de maio.

**3º.-** A Dirección de Augas de Galicia xustifica a desestimación do recurso de reposición polas razóns que, sucintamente, siguen: (i) que a Comunidade Autónoma de Galicia é a titular do Embalse de Eiras, que foi traspasado a esta por RD 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas sen que exista acto administrativo algún de entrega deste embalse ao Concello de Vigo; (ii) que se ben se recoñece a presenza de vixiantes de Aqualia na presa e a realización de diferentes tarefas de conservación e mantemento do encoro, nin desde o punto de vista documental nin desde o punto de vista dos feitos cabe soste que o Concello de Vigo teña asumido a explotación, conservación e mantemento do Encoro de Eiras; (iii) que A lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece no seu artigo 3 que Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as súas competencias en materia de auga e obras hidráulica de conformidade, entre outros, cos principios de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos mediambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible, así como de solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga. Neste senso a configuración da taxa do canon de regulación se dimensionou para compensar os custes sufragados pola Administración Hidráulica de Galicia non só na presa de Eiras, senón tamén das demais presas que xestiona Augas de Galicia, repartíndose o custe total en función do volume total de auga captado nos encoros.

**4º.-** Na resolución desestimatoria do recurso de reposición, a Dirección de Augas de Galicia límitase a afirmar a súa titularidade sobre encoro de Eiras, en virtude do RD 2792/1986, de 30 de decembro —titularidade que esta Administración municipal non discute—, a recordar as obrigas que incumben aos titulares dos encoros en materia de seguridade destes, a enumerar as tarefas que realiza en relación ao devandito encoro e a recordar o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga e a equidade social nas políticas tarifarias; porén, na opinión deste informante, o argumentado por Augas de Galicia non desvirtúa o feito de que a práctica totalidade das tarefas de explotación do encoro as realiza a concesionaria do servizo municipal de augas e que segundo o disposto do dito Real Decreto «la Comunidad Autónoma de Galicia se subroga en los derechos y obligaciones del Estado en relación con las obras e instalaciones que se incluyen en la relacion 1.3 y que se entregan a la Comunidad Autónoma de Galicia para la efectividad de dicha subrogacion»; posición —a do Estado— que se limitaba á titularidade da presa pero non a súa explotación, que correspondía, e segue a ser realizada, polo Concello de Vigo, sen que exista acto administrativo algún en virtude do cal o Concello de Vigo cesara na dita explotación en favor de Augas de Galicia.

**5º.-** Como queira que a execución do acto, cuxa impugnación se propón, pode supoñer prexuízos de difícil reparación para o Concello de Vigo en canto a dita execución implica detraer recursos municipais destinados a sufragar finalidades públicas de necesaria satisfacción no presente exercicio orzamentario, procede solicitar a suspensión do acto

impugnado, ao abeiro do disposto no artigo 233 LGT, sen obriga de constituir garantía, conforme ao establecido no artigo 173.2 TRLRHL.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1. h) e j) LRBRL a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Interpoñer reclamación económica administrativa ante a Xunta Superior de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia contra a resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 8 de maio de 2019, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo Concello de Vigo contra a resolución da Dirección de Augas de Galicia, de 3 de decembro de 2018, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2014.

**Segundo.-** Solicitar a suspensión do acto impugnado, ao abeiro do disposto no artigo 233 LGT, sen obriga de constituir garantía, conforme ao establecido no artigo 173.2 TRLRHL.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **25(512).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN E CONTROL AO PÚBLICO NAS INSTALACIÓNS DE VIGO-ZOO. EXPTE. 9769/612.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 30/05/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo director deportivo de Réxime Interior de Vigo-Zoo, a concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **1.- ANTECEDENTES:**

Con data 14 de marzo do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do servizo de atención e control do público no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor, debido a que o anterior adxudicatario resolvese unilateralmente o contrato que tiña adxudicado para prestar este servizo de acordo coa resolución da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 29/03/19, que a súa vez é o motivo da tramitación de urxencia deste expediente.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado a necesidade de contratación do servizo de atención e control do público no servizo de VigoZoo, nunha previsión de maior axilización na



## Concello de Vigo

tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo necesario para o funcionamento do parque, se estima a posibilidade de iniciación dun único procedemento de licitación para o servizo de atención e control do público no servizo de VigoZoo

Como consecuencia do anterior, con data de 12 de abril, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de atención e control do público no servizo de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 14 de marzo de 2019 e pola Concelleira de Medio Ambiente o 18/03/19.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 4 de abril de 2019.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 21/05/19 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 22/05/19.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 25/04/19.
5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 23/05/19.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 30/05/19.

### **2.- Condicións definitorias do contrato:**

#### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na prestación do servizo de atención e control do público nas instalacións de VigoZoo

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a urxente e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado , en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (110.516,56 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (19.180,56 €) e o valor estimado (182.672,00 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído) coa posibilidade de dúas prorrogas dun ano de duración cada unha delas.

- Ano 2019: 27.629,14 €
- ano 2020: 55.258,28 €
- ano 2021: 27.629,14 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.227.99.00 "Taquilla".

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Esta prestación de servizo nas instalacións de VigoZoo poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para





## Concello de Vigo

promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

### e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

### f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos, de xeito que a empresa adxudicataria presentará mensualmente unha factura na que se desglosará o prezo das horas de servizos de atención ó público realizadas durante o mes de facturación, calculado segundo os prezos unitarios recollidos na cláusula 3.G ó que se aplicará a porcentaxe de redución do prezo ofertada polo licitador.

Á factura debe acompañarse da seguinte documentación:

- Xustificante de estar ao corrente das obrigacións coa Seguridade Social.
- Informe das horas realizadas no mes anterior asinada polo responsable do contrato.
- Informe mensual do servizo realizado.

### g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

### h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior de VigoZoo.

### j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo.

### **3.- Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 12/04/19 polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Porcentaxe de redución dos prezos unitarios consignados no apartado 3.G desta FEC: ata 70 puntos.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valorarase ata con 30 puntos.

Inclúe os seguintes subcriterios:

.- Descrición e organización do servizo obxecto do contrato: valorarase con ata 30 puntos

As fórmulas para valorar estes criterios remítense á cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.

### **4.- Revisión de prezos:**

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

### **PROPOSTA:**

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación urxente do servizo de control e atención ao público nas instalacións de VigoZoo (exp. 9769-612).



## Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 25/04/19 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 30/05/19.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 110.516,56 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (19.180,56 €) e a anualidade máxima de 2019 será de 27.629,14 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.00 "Taquilla".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(513).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAM) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA INCLUSIVA DURANTE O ANO 2019. EXPTE. 8806/336.**

Visto o informe xurídico do 22/04/19 e o informe de fiscalización do 27/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira de Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e Asociación APAM , para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2019.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación APAM é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002 , contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 24.500 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 17:00 e 20:00 hs.,excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A Asociación APAM destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persona .

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca Inclusiva durante o ano 2019. Esta subvención cun importe de 24.500 € establécese a través dun convenio coa Asociación APAM.



## Concello de Vigo

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sin perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

### CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, a

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Daniel Varela Lago, con DNI: 36012389R como presidente da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 8806/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

I.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con dicapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o

desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

**II.-** Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 24.500 euros, a favor da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

**V.-** Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 8806/336

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, o Concello de Vigo e a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da



## Concello de Vigo

actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas, sendo a media de participación semanal de 50.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral unha subvención por importe de 24.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria

"SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP " 3370.489.00.03 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2019.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.250 €) e outro do 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarse coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Lavadores está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das





## Concello de Vigo

subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de

facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación de Familias de

Personas con Parálise Cerebral, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

**Noveno.-** A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e **antes do 16 de novembro do presente ano.**

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subvecións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo.

Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento.



## Concello de Vigo

Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá coforme á lei 9/2007 de subvencións de Galicia:

- Acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e)
- Presentar declaración responsable acreditativa de non incorrer nas circunstancias sinaladas no artigo 34.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 17 de novembro de 2018 e 16 de novembro do 2019.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

**Décimo terceiro.-** A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

**PRIMEIRO:** "Aprobación do texto do convenio para desenvolver a actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos, entre o Concello de Vigo e o Asociación APAM, que se adxunta o presente expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 24.500€ a favor da entidade APAM, C.I.F. G36624120 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 12.250€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

**CUARTO:** Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(514).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez